

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de novembro de 2007**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 30 de novembro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/07, do 26 de outubro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.651 á nº 19.800.

3.-Proposición da Presidencia sobre o cambio de data da sesión ordinaria de decembro de 2007.

Cooperación e Asistencia a Concellos

4.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Urbanización Constenda-Casadelas” do Concello de Carballo, incluída no POS 2006. Código 06.2100.0079.0.

5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Abastecemento de auga a Marraxón-Garabatos e outro” do Concello das Pontes, incluída no POS 2006. Código 06.2100.0282.0.

6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Beirarrúas en Ameixenda” do Concello de Cee, incluída no POS 2007. Código 07.2100.0099.0

7.-Aprobación dos proxectos reformados das obras “Camiños parroquias Bascoi-Cabruí” (código 07.3100.0138.0) e “Camiños parroquias Boado-Castro” (Código 07.3100.0139.0) do Concello de Mesía, incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007.

Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

8.-Aprobación do proxecto reformado de obra “Substitución da herba natural por artificial no campo de fútbol das Redondas” do Concello de Cabana de Bergantiños, incluída no Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006. Código 2006-3240-0014.0.

9.-Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do inmovible do Fogar Infantil de Ferrol (desafectación para a súa cualificación como ben patrimonial) e aprobación inicial de cesión de uso ao Concello de Ferrol.

10.-Aprobación da actualización do proxecto do Concello de Cambre da adecuación da

contorna da igrexa parroquial de Sigrás 2ª fase, incluído na décimo primeira fase do Plan 2000 de recuperación da arquitectura popular.

11.-Proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para realizar as tarefas relacionadas coa convocatoria de axudas do FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período 2007/2013.

12.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Piscina climatizada cuberta en Rianxo, pl.” do Concello de Rianxo, incluída na 1ª fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas 2005-2006. Código 05.3210.002.0

Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

13.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2007 3ª fase.

14.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2007 4ª fase. “Sinalización en vías provinciais no núcleo de Rianxo”.

15.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado da E.P. 7601 do P.K. 0+000 ao P.K. 5+350 da Estrada de Cruz de Lamestra a San Sadurniño, San Sadurniño.

16.-Aprobación inicial do Plan de travesías 2007 5ª fase. “Travesía de Vilar na E.P. 1301 da Gándara á Amañecida P.K. 5+800 ao P.K. 6+470 e na E.P. 1302 Negreira a Urdilde P.K. 5+470 ao P.K. 5+600 Vilar (Brión).

Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

17.-Proposta de convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a entidade de iniciativa social APEM (Asociación pro Doentes Mentais) para o cofinanciamento dunha vivenda alternativa en Carballo.

Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

18.-Toma de coñecemento da concesión do XIX Premio de narrativa Torrente Ballester.

Promoción Económica, Emprego e Turismo

19.-Proposta de modificación da achega provincial ao Padroado que xestiona o Instituto Feiral da Coruña (IFECO), como achega provincial ao capital fundacional de IFECO.

20.-Convenio con A.D.R. Sar Ulla e a Excm. Deputación Provincial da Coruña para financiar a súa actividade xeral.

[21.-Convenio coa Coral Toxos e Froles. Congreso conmemorativo do centenario do himno galego.](#)

Economía, Facenda e Especial de Contas

[22.-Convenio coa asociación civil Centro de Xubilados e Pensionados da República Argentina.](#)

[23.-Convenio coa Sociedade Club deportivo Cerceda-Genève \(Suíza\).](#)

[24.-Orzamento Xeral para o exercicio 2008 e Bases de execución.](#)

Persoal e Réxime Interior

[25.-Desestimación das alegacións formuladas contra a modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de 2007, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 28/09/2007.](#)

[26.-Aprobación do cadro de persoal e relación de postos de traballo de 2008.](#)

[27.-Definición das funcións de “auxiliar administrativo/a”, “administrativo/a”, “auxiliar educador/a”, “celador/a” e “velador/a”.](#)

[28.-Concesión do título de “Fillo predilecto da provincia” a D. Santiago Rey Fernández-Latorre.](#)

[29.-Concesión da “Medalla de ouro da provincia” a D. Roberto Tojeiro Díaz.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 30 DE NOVEMBRO DE 2007**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de novembro de 2007, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión ordinaria .

CONCURRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN LOS SRES. DIPUTADOS SIGUIENTES:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DONA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON PABLO COBIÁN FERNÁNDEZ DE LA PUENTE	PP
DONA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DONA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO H. RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DONA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

A Sra. Vázquez Veras incórpórase ao inicio do debate do punto 21.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e seis minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/07, DO 26 DE OUTUBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/07, do 26 de outubro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 17.651 Á Nº 19.800.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 17.651 á nº 19.800.

3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DE DECEMBRO DE 2007.

Por unanimidade, ratifícase a súa inclusión na orde do día e apróbase a proposición tamén por unanimidade:

“A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ó duodécimo mes de 2007 celebrarase o día 21 de decembro, venres, a partir das doce horas.”

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “URBANIZACIÓN CONSTENDA-CASADELAS” DO CONCELLO DE CARBALLO, INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO 06.2100.0079.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra **"Urbanización Constenda-Casadelas"** do concello de Carballo incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de

competencia municipal e da rede viaria local 2006 (Código: 06.2100.0079.0) cun orzamento de contrata de **66.021,78 €**, que aínda que non representa unha variación no seu orzamento total, si se realiza unha modificación substancial nun dos seus orzamentos parciais.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
06.2100.0079.0	Carballo	Urbanización Constenda-Casadelas	21.773,99	22.311,88	7.815,46	14.120,45	66.021,78

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ABASTECIMIENTO DE AUGA A MARRAXÓN-GARABATOS E OUTRO” DO CONCELLO DAS PONTES, INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO 06.2100.0282.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Abastecemento de auga a Marraxón - Garabatos e outro**" do Concello das Pontes incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2006 (Código: 06.2100.0282.0) cun orzamento de contrata de **207.200,35 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras, pero si modifica o trazado destas.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
06.2100.0282.0	As Pontes	Abastecemento de auga a Marraxón - Garabatos e outro	82.579,73	84.619,77	29.640,83	10.360,02	207.200,35

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BEIRRARRÚAS EN AMEIXENDA” DO CONCELLO DE CEE, INCLUÍDA NO POS 2007. CÓDIGO 07.2100.0099.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Beirarrúas en Ameixenda**" (código:07.2100.0099.0) do Concello de Cee, incluída no POS 2007 cun orzamento de contrata de 45.339,26 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras, pero si implica cambios internos nas súas partidas presupostarias por un importe superior ao 30%.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
07.2100.0099.0	Cee	Beirarrúas en Ameixenda	16.737,69	16.348,44	5.838,73	6.414,40	45.339,26

7.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS “CAMIÑOS PARROQUIAS BASCOI-CABRUI” (CÓDIGO 07.3100.0138.0) E “CAMIÑOS PARROQUIAS BOADO-CASTRO” (CÓDIGO 07.3100.0139.0) DO CONCELLO DE MESÍA, INCLUÍDAS NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os proxecto reformados das obras “Camiños parroquias Bascoi-Cabrui” (código: 07.3100.0138.0) e “Camiños parroquias Boado-Castro” (código: 07.3100.0139.0) do Concello de Mesía, incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, que aínda que non representan unha variación nos seus orzamentos totais, si representan unha alteración destes, xa que varían os trazados das obras recollidos nos proxectos iniciais.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. Propios</u>	<u>Orzamento Total</u>
07.3100.0138.0	Mesía	Camiños parroquias Bascoi-Cabrui	49.116,6 7	49.116,67
07.3100.0139.0	Mesía	Camiños parroquias Boado-Castro	50.326,8 1	50.326,81

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE OBRA “SUBSTITUCIÓN DA HERBA NATURAL POR ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL DAS REDONDAS” DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE HERBA ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS 2006. CÓDIGO 2006-3240-0014.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Substitución herba natural por artificial campo fútbol das Redondas**”, do **Concello de Cabana de Bergantiños**, incluída no Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, co código 06-3240-0014.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.”

Código: 06-3240-0014.0 Obra: Substitución herba natural por artificial campo fútbol das Redondas			
Concello: Cabana de Bergantiños.			
SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	340.000,00	340.000,00	0,00
CONCELLO	61.061,80	129.289,91	68.228,11

TOTAL	401.061,80	469.289,91	68.228,11
--------------	-------------------	-------------------	------------------

9.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE PARTE DO INMOBLE DO FOGAR INFANTIL DE FERROL (DESAFECTACIÓN PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO BEN PATRIMONIAL) E APROBACIÓN INICIAL DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- De conformidade co acordo aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 28 de setembro de 2007 e publicado no BOP nº 234 con data do 9 de outubro de 2007, procede aprobar definitivamente o expediente de alteración da cualificación xurídica de parte do inmovible do Fogar Infantil de Ferrol (superficie 272,30 m2 da edificación e 238,10 m2 do espazo exterior axardinado) para a súa cualificación como ben patrimonial.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso ao Concello de Ferrol do inmovible referenciado no apartado primeiro, valorado en 1.553.280,00 euros, composto polos seguintes elementos:

Planta semisoto.....	146,94
Planta baixa.....	282,20
Planta primeira.....	347,50
Superficie de solo.....	.510,40
(272,30 m2 da edificación e 238,10m2 do espazo exterior axardinado)	

3º.- A cesión de uso do inmovible suxéitase ás seguintes condicións:

1.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de que o Concello de Ferrol destine o edificio cedido a Sede Central de Prestación de Servizos Sociais.

2.- O Concello de Ferrol poderá utilizar calquera das formas de xestión previstas no ordenamento xurídico.

3.- A Sede Central de Prestación de Servizos Sociais deberá estar en funcionamento dentro do prazo máximo de 2 anos contado a partir da entrega do inmovible por parte da Deputación Provincial da Coruña. Transcorrido o devandito prazo, sen que entre en funcionamento a Sede Central de Prestación de Servizos Sociais, o inmovible reverterá automaticamente á deputación.

4.- A cesión de uso efectuarase por un prazo máximo de 30 anos, contado a partir do prazo de entrega por parte da deputación. Non obstante se a deputación precisase do

inmuble antes do devandito prazo, o Concello de Ferrol deberá entregar á deputación o inmuble, dentro do prazo máximo de 12 meses, contado a partir da solicitude por parte da deputación.

5.- No caso de que por calquera causa o inmuble deixase de destinarse a Sede Central de Prestación de Servizos Sociais, con independencia do prazo transcorrido a partir da cesión, o inmuble reverterá automaticamente á deputación.

6.- O Concello de Ferrol asume a partir da data de entrega todos os gastos de conservación e mantemento do edificio e as súas instalacións.

7.- O pagamento de todos os tributos que afectan ao citado inmuble ou á súa actividade será por conta do Concello de Ferrol.

8.- O Concello de Ferrol deberá establecer o control adecuado e con garantías, dos accesos e usos, coa fin de non interferir ou prexudicar a actividade do Fogar Infantil da Deputación, que se presta no edificio.

9.- Non se permitirá o acceso dos vehículos ao garaxe da planta semisoto a través dos xardíns do Fogar Infantil polo risco de accidente que podería acontecer, dado que os nenos do Fogar Infantil utilizan estes espazos. O acceso aos locais de persoas discapacitadas realizarase pola entrada, actualmente en uso, do Centro.

10.- As subministracións de auga, electricidade e gas natural deberán independizarse das que actualmente ten o Centro, sendo todos os gastos de investimento, consumo e mantemento por conta do Concello de Ferrol.

11.- Calquera obra, agás as de conservación e mantemento deberá ser autorizada previamente e de forma expresa pola deputación.

12.- A deputación poderá utilizar o salón de actos previa notificación ao Concello de Ferrol cunha antelación de 72 horas.

13.- A propiedade do inmuble seguirá sendo en todo momento da Deputación Provincial da Coruña, sen que en ningún caso a presente cesión de uso sexa habilitadora da adquisición do propiedade a favor do Concello de Ferrol.

14.- A deputación entregará o edificio unha vez aprobado definitivamente a cesión de uso. Para estes efectos ambas partes formalizarán a correspondente acta de entrega.

4º.- Expoñer ao público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión durante un prazo de 15 días para os efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ao público, someterase de novo ao Pleno da deputación para a súa aprobación definitiva.

5º.- Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

10.-APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DO CONCELLO DE CAMBRE DA ADECUACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA PARROQUIAL DE SIGRÁS 2ª FASE, INCLUÍDO NA DÉCIMO PRIMEIRA FASE DO PLAN 2000 DE RECUPERACIÓN DA ARQUITECTURA POPULAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto modificado da obra “Adecuación do contorno da Igrexa Parroquial de Santiago de Sigrás 2ª fase”, presupostada na cantidade de 60.000 euros.

2.- O financiamento da obra corre integramente a cargo da deputación, e será imputado á partida 0305/469.A/762.31 do orzamento da Corporación.”

11.-PROPOSTA DE FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA REALIZAR AS TAREFAS RELACIONADAS COA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO FEDER PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO 2007/2013.

INTERVENCÍONS

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días a todos e a todas. Trátase dunha emenda que consiste no seguinte, onde se fala no apartado 5 de exposición de motivos, na cláusula primeira, onde di “Construción de sendas peonís en estradas provinciais”, debe dicir “Plan integral de seguridade viaria para os viandantes nas estradas provinciais”, isto é coñecido polos voceiros dos distintos grupos. Grazas.

Sr. Presidente

A razón desta emenda é que non é só un plan de sendas peonís, senón que leva unha parte de sensibilización dos cidadáns, unha parte de sensibilización de sinalización, e como son proxectos para presentar en Europa, canto máis amplo sexan, máis posibilidades temos de conseguir financiamento. Entón, é simplemente cambiar este parágrafo, non afecta para nada ao contido do texto, pero mellora a posibilidade de presentación. Moitas grazas.

Apróbase a emenda por unanimidade, e tamén por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para realizar as tarefas relacionadas coa convocatoria de axudas do FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período 2007/2013.

2.- De conformidade co disposto no art. 174.5 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; exceptuar o número de exercicios e porcentaxes de gastos plurianuais establecidos no apartado 3 do citado artigo, e que queda establecido do seguinte xeito:

ANO	IMPORTE	APLICACIÓN
2.007	60.000	0501 519B 60101
2.008	110.000	0501 560C 60103
2.009	25.000	0501 560C 60103
2.010	25.000	0501 560C 60103
2.012	15.000	0501 560C 60103
	235.000	

ANEXO (Texto do convenio)

“CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA PREPARAR A DOCUMENTACIÓN NECESARIA E DESENVOLVER TAREFAS DE SEGUIMENTO EN RELACIÓN COA CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013

A Coruña, a de de 2007.

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario D. José Luís Almau Supervía.

Doutra D. José María Barja Pérez, reitor da Universidade da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1. A Deputación Provincial da Coruña desenvolveu e xestiona a base de datos de ámbito municipal contida na Enquisa sobre Infraestrutura e Equipamentos Locais, cuxo obxectivo principal é o de dispoñer dunha información actualizada

no que se refire á dotación de infraestruturas e equipamentos, relativos aos servizos de competencia das entidades locais (sexan ou non de titularidade do propio municipio) que permitan planificar, decidir e realizar unha asignación de recursos obxectiva e racional.

Así mesmo a Deputación Provincial da Coruña redactou en Convenio coa Universidade de Santiago e A Coruña e a Fundación Caixa Galicia o “Plan Estratéxico da Provincia da Coruña 2007/2013” no que se definen unha serie de liñas e proxectos estratéxicos asociados ás axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

2. A Universidade da Coruña, creada por Lei 11/89 de 20 de xullo, conta como centro propio coa Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, que en anteriores convenios se encargaron da elaboración da Fase V da Enquisa e da elaboración do Plan Estratéxico 2007/2013 con profesores da Universidade de Santiago e da Coruña.
3. O artigo 55 do Decreto 101/2004 do 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, establece que esta ten que atender á procura e proposta de temas de investigación aplicada.
4. Ambas institucións coinciden en valorar moi positivamente os resultados obtidos co desenvolvemento dos anteriores convenios debido ao seguinte conxunto de razóns:
 - En todos os casos, os traballos realizados teñen implicado labores de procura científica ou tecnolóxica sobre as respectivas materias, así como a posta en práctica inmediata dos resultados das devanditas investigacións.
 - A continuidade dos equipos de traballo ao longo dos distintos convenios supuxo a adquisición dun coñecemento das materias tratadas que non se podería acadar noutras circunstancias.
 - A realización dos devanditos traballos por persoal docente, investigador e estudantes con bolsas da Universidade da Coruña supón, ademais, a extensión ao conxunto da comunidade universitaria do coñecemento sobre tecnoloxías punteiras, relacionadas co tratamento, xestión e explotación de información territorial. Este grao de extensión do coñecemento científico e tecnolóxico é inviable mediante a utilización doutras fórmulas de execución dos traballos.
 - Por outra parte, e tal como recollen os propios textos dos convenios propostos, tanto os datos incluídos na base de datos territoriais da EIEL, como as aplicacións desenvolvidas e as conclusións extraídas dos traballos realizados quedaron en depósito na Universidade para a súa libre utilización en traballos de investigación e análise territorial, xerando xa unha gran variedade de documentos científicos, desde presentacións e artigos ata teses de doutoramento. Isto supón un claro beneficio social e docente, con consecuencias moi positivas para a xeneralidade da provincia, pois incrementase a capacidade tecnolóxica da Universidade e dos seus estudantes e investigadores. O que á súa vez redunda, cando estes comezan a súa carreira, no correspondente

incremento da capacidade e coñecemento tecnolóxico das empresas da provincia.

- Os traballos realizados dependen de tecnoloxías, estándares, especificacións e recomendacións de uso e implantación que actualmente están en desenvolvemento e permanente modificación; o que contribúe a mellorar o nivel científico-técnico dos membros dos distintos equipos de traballo, así como a dispoñibilidade, por parte da Deputación Provincial da Coruña, de ferramentas de xestión e publicación de información territorial de última xeración.
- A execución dos traballos pola vía de convenios de colaboración implica unha alta rendibilidade dos recursos económicos dispoñibles, xa que se utilizan na súa totalidade para a consecución dos obxectivos propostos.

5. Por todo o que antecede, a Deputación Provincial da Coruña ten interese en formalizar un Convenio coa Universidade da Coruña coa finalidade de realizar estudos, preparar a documentación necesaria e desenvolver tarefas de seguimento en relación coa CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013, todo iso, en relación cos seguintes proxectos estratéxicos:

- Posta en valor da conca fluvial do río Mandeo.
- Promoción do aforro enerxético, da eficiencia e da calidade en servizos públicos municipais
- Plano integral de seguridade viaria para os viandantes nas estradas provinciais.

En consecuencia, ambas institucións

ACORDAN

Formalizar un Convenio de acordo coas seguintes cláusulas:

1ª) **OBXECTO:** É obxecto deste Convenio a preparación da documentación necesaria e o desenvolvemento de tarefas de seguimento en relación coa CONVOCATORIA 2007 DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL PARA COFINANCIAR PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO DURANTE O PERÍODO DE INTERVENCIÓN 2007-2013, todo iso en relación cos seguintes proxectos estratéxicos:

- Posta en valor da conca fluvial do río Mandeo.
- Promoción do aforro enerxético, da eficiencia e da calidade en servizos públicos municipais

- Plano integral de seguridade viaria para os viandantes nas estradas provinciais.

En concreto, este convenio inclúe a realización das seguintes tarefas:

- a) Elaborar e cubri-la documentación necesaria para participar na citada convocatoria, de acordo co establecido nas súas bases reguladoras e anexos documentais, agás aqueles certificados ou declaracións que pola súa natureza deban ser emitidos pola deputación.

En concreto, deberá cubrirse o “modelo de resumo do proxecto” (base 7.3.a) e elaborarse a “memoria descritiva do proxecto” (base 7.3.e) nos termos especificados nas devanditas bases e de acordo cos modelos recollidos no anexo III.

Non obstante, durante a súa elaboración, iranse presentando avances á Deputación que lle permitan realizar xestións e trámites con outras entidades públicas ou privadas en relación co desenvolvemento dos proxectos estratéxicos.

- b) Redactar os pregos de prescricións técnicas necesarios para a posterior contratación pola deputación dos proxectos de execución, de asistencia ou de servizos en que se vertebran os proxectos estratéxicos.
- c) Realizar o seguimento xeral dos proxectos estratéxicos mentres dure a súa execución, debendo elaborarse polo menos un informe anual no que se recollan os resultados ou conclusións do devandito seguimento.

Os traballos descritos rexeranse de acordo co programa de desenvolvemento destes, aprobado co informe favorábel do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial da Coruña.

2ª) EQUIPO DE TRABAJO: Os traballos de elaboración dos proxectos, serán dirixidos polo profesor titular da Área de Urbanística e Ordenación do Territorio da Universidade da Coruña, Carlos Nárdiz Ortiz, e coordinados polo catedrático de Hidráulica da Universidade da Coruña Jerónimo Puertas Agudo, o profesor titular de Enxeñería Sanitaria e Ambiental da Universidade da Coruña, Joaquín Suárez López e o profesor da Área de Cartografía, Xeodesia e Fotogrametría, Fco. Alberto Varela García. Para este fin constituirase unha Comisión Técnica de Coordinación e Seguimento, que será dirixido pola Xefe do Servizo de Plans da Deputación Provincial da Coruña, Susana Rouco Penabad, e na que se integran os mencionados profesores da Universidade, e os técnicos e responsables da Deputación que se asignen á coordinación e ao seguimento dos proxectos.

Na elaboración dos Proxectos de Desenvolvemento Local e Urbano poderían participar outros profesores da Universidade da Coruña. Para a realización dos programas está previsto ademais contratar persoal externo á Universidade, que desenvolva labores específicos ligadas á elaboración dos proxectos, debendo estarse ao disposto no Regulamento para a Contratación de Traballos de Carácter Científico, Técnico ou Artístico ou para o desenvolvemento de Cursos de Especialización, aprobado pola Xunta de Goberno da devandita Universidade o 14.06.93.

3ª) **PRAZO DE EXECUCIÓN:** A Universidade da Coruña dispoñerá dos prazos que se indican a seguir para a realización de cada unha das tarefas indicadas na cláusula 1:

a) **31 de decembro de 2007** para a presentación no Rexistro Xeral desta deputación da documentación necesaria para participar nesta convocatoria.

b) **31 de marzo de 2008** para a presentación no Rexistro Xeral desta deputación dos pregos de prescricións técnicas necesarios para as actuacións a contratar na anualidade 2008.

31 de outubro de 2008 para a presentación dos pregos de prescricións técnicas necesarios para as actuacións a contratar nas anualidades 2009 e seguintes.

c) Dada a natureza da tarefa de realizar o seguimento xeral dos proxectos estratéxicos, o seu prazo abarcará a partir do inicio da súa execución ata o seu remate

4ª) **ORZAMENTO:** O orzamento para a execución do presente convenio cífrase na cantidade de douscentos trinta e cinco mil euros (235.000,00 €), que serán aboados de acordo cos prazos que se indican no presente documento. Non se incluíu neste orzamento a cantidade que achega a Universidade da Coruña en concepto de infraestrutura e equipamentos, que non será obxecto de compensación pola Deputación da Coruña.

5ª) **FORMA DE PAGAMENTO:**

CONCEPTO	IMPORTE
Á entrega do programa de traballo	60.000 €
Á entrega dos Proxectos Estratéxicos (realización da tarefa da cláusula 1.a)	60.000 €
Á entrega dos Pregos de Prescricións Técnicas a entregar 31-3-2008	25.000 €
Á entrega dos Pregos de Prescricións Técnicas a entregar 31-10-2008	25.000 €
Informe de seguimento do 2009 a entregar ata o 1-11-2009	25.000 €
Informe de seguimento do 2010 a entregar ata o 1-11-2010	25.000 €
Informe final a entregar ata o 31-12-2012	15.000 €
TOTAL	235.000 €

Se para a realización do obxecto do presente convenio, a Universidade da Coruña obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña de tal maneira que a suma das subvencións concorrentes non supere o custo da actividade xustificada no xeito establecido nos parágrafos anteriores.

Non obstante, para proceder ao pagamento final, deberá acreditarse ademais a total realización do traballo obxecto do presente convenio e presentar certificación da

Universidade da Coruña na que conste que se realizou o 100% dos gastos materiais e persoais correspondentes.

6ª) PRÓRROGA DO CONVENIO. Este convenio poderá ser prorrogado por acordo de ambas partes para a preparación da documentación necesaria e o desenvolvemento de tarefas de seguimento en relación coa convocatoria 2011 destas mesmas axudas para o período 2011-2013.

O convenio prorrogado terá por obxecto a realización das mesmas tarefas que as descritas na cláusula primeira deste convenio, se ben en relación cos proxectos estratéxicos que se concreten para o devandito período. Ademais, deberá elaborarse un informe global de seguimento de todo o programa 2007-2013.

Os equipos de traballos de ambas institucións poderanse ver modificados como consecuencia da natureza dos novos proxectos estratéxicos seleccionados ou de novas circunstancias sobrevidas.

Os prazos de execución concretaranse en función dos fixados na futura convocatoria 2011, gardando o maior paralelismo posible cos prazos fixados para o presente convenio.

O orzamento para a execución deste convenio prorrogado será o mesmo que o do presente convenio, 235.000,00 €, e a súa forma de pagamento será por conceptos similares aos establecidos na cláusula quinta, se ben referidos ao novo período de vixencia.

A prórroga deste convenio poderá ser aprobada mediante resolución de Presidencia a proposta do Servizo de Xestión de plans, tralos informes de Patrimonio e Contratación e Intervención, quedando suxeita á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

7ª) APOIO POR PARTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA: Ademais do recollido nas cláusulas anteriores en canto ao financiamento dos traballos e supervisión da execución dos mesmos, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a prestar apoio ao equipo de traballo subministrando a cartografía base, tanto en formato dixital como tradicional en papel, que obren no seu poder, sen que iso supoña custo adicional algún para a mencionada Deputación provincial.

8ª) APOIO POR PARTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: A Universidade da Coruña comprométese a facilitar a utilización dos espazos correspondentes das distintas áreas na Universidade e os equipos informáticos existentes nestes.

9ª) PROPIEDAD DA INFORMACIÓN XERADA: A información xerada (tanto cartográfica como alfanumérica) como consecuencia da materialización do presente convenio quedará en propiedade da deputación Provincial da Coruña. Non obstante, unha copia da mesma quedará indefinidamente en depósito nas distintas áreas da Universidade que participan no Convenio para o seu posible utilización na realización de traballos de investigación académica que non conleven contraprestación económica algunha para a Universidade da Coruña ou calquera dos seus centros. Os profesores e coordinadores temáticos ou de grupo, non poderán utilizar a información recollida do

seu labor, unha vez terminado, en artigos, comunicacións, teses ou calquera outra actividade pública, sen a previa autorización da Deputación provincial, debendo facer en todo caso referencia á propiedade da Deputación provincial.

10ª) INCUMPRIMENTO DO CONVENIO: En caso de incumprimento do presente convenio poderá denunciarse o mesmo por calquera das partes, tendo dereito o equipo de traballo da Universidade ao pagamento das tarefas acreditadas ata a data da denuncia, na forma establecida na cláusula 5.

11ª) VIXENCIA: O presente convenio terá unha vixencia inicial a partir do día seguinte ao da súa formalización ata o 31 de decembro de 2012.

Non obstante, por acordo entre ambas partes, poderase prorrogar a vixencia deste convenio para a futura convocatoria 2011-2013 desta mesmas axudas, nos termos indicados na cláusula 6, en cuxo caso, a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2015.

12ª) LEXISLACIÓN SUPLETORIA: No non disposto no presente convenio, rexerá o establecido para os contratos de prestación de servizos na Lei de contratación das administracións públicas e lexislación subsidiaria aplicable ao caso.

13ª) NATUREZA XURÍDICA: O presente convenio ten natureza administrativa e as cuestións litixiosas que puidesen xurdir en relación co seu cumprimento ou interpretación serán competencia da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO: ORZAMENTO

1. PERSOAL

Director e Coordinadores de Grupo Primeiras Fases 3 x 1.500 €/mes x 12 meses.....	54.000 €
Director e Coordinadores de Grupo Fase de Seguimento 3 x 1.000 €/mes x 24 meses.....	72.000 €
Bolseiros a tempo completo 3 x 600 €/mes x 12 meses.....	21.600 €
Secretaria 1 x 950 €/mes x 12 meses.....	11.400 €

TOTAL..... 159.000 €

2. MATERIAL E AXUDAS DE CUSTO

Apoio exterior para a elaboración da documentación.....	15.100 €
Material para a elaboración da documentación	15.000 €

Axudas de custo de visitas a
Municipios.....18.000 €
Material de laboratorio de estudos territoriais. 9.000 €

TOTAL..... 57.100 €

3. XESTIÓN DO CONVENIO.

15% s/126.000..... 18.900 €

Resumo.

- Persoal 159.000 €
- Material e axudas de custo..... 57.100 €
- Xestión do convenio 18.900 €

TOTAL..... 235.000 €

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión celebrada o día

E en proba de conformidade, asinan por exemplar cusduplicado presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA	O REITOR MAGNIFICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Asdo.: Salvador Fernández Moreda	Asdo.: José María Barja Pérez

12.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PISCINA CLIMATIZADA CUBERTA EN RIANXO, PL.” DO CONCELLO DE RIANXO, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN DE PISCINAS CUBERTAS CLIMATIZADAS 2005-2006. CÓDIGO 05.3210.002.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “**Piscina climatizada cuberta** “ do **Concello de Rianxo**, incluída na 1ª fase do Plan de piscinas cubertas climatizadas para os concellos con poboación superior ós 10.000 habitantes 2005-2006, co código 05.3210.0002.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu orzamento tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación”

05.3210.0002.0 Piscina climatizada cuberta (Concello de Rianxo)				
SOBRE O ORZAMENTO DE CONTRATA				
		INICIAL	REFORMADO	DIFERENCIA
2.005	Deputación	300.000,00	300.000,00	0,00
	Concello	0,00	0,00	0,00
	Total	300.000,00	300.000,00	0,00

2.006	Deputación	1.200.000,00	1.200.000,00	0,00
	Concello	176.528,00	227.535,56	51.007,56
	Total	1.376.528,00	1.427.535,56	51.007,56
TOTAL	Deputación	1.500.000,00	1.500.000,00	0,00
	Concello	176.528,00	227.535,56	51.007,56
	Total	1.676.528,00	1.727.535,56	51.007,56

13.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007 3ª FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2007,3ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nos mesmos, cun orzamento total de 1.253.105,43 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/21001 e que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
0711000033.0	MELLORA DA CAPA DE RODADURA CON LECHADA BITUMINOSA NA E.P. 1107 BOIRO A CABO DE CRUZ E E.P. 2302 DE HOSPITAL A BRENS	CEE	141.033,69
0711000034.0	CANALIZACIÓN DE CUNETAS E ESTABILIZADO DE TALUDES NA E.P. 5708 ACCESO Á IGREXA DE ARGALO (PQ 0+6 A 1+400)	NOIA	67.723,39
0711000035.0	CONSERVACIÓN, REPARACIÓN DO FIRME E MELLORA DA SEGURIDADE NA E.P. 0701 DE SANTIAGO A SANTA COMBA	STA. COMBA	338.290,34
0711000036.0	REFORZO DO FIRME E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA E.P. 0811 E. SANTO A LONGUEIRA NA ESTRADA DE PONTE DO PORCO A MUROS E E.P. 0813 SADA A ARMUÑO	BERGONDO	349.888,79
0711000037.0	REFORZO DO FIRME NAS ESTRADAS PROVINCIAIS ZONA D-2		148.965,16
0711000038.0	PAVIMENTACIÓN CON M.A.C. NA E.P. 361 ANEIROS A CABANA (PQ 0+000 A 2+ 25) NA E.P. 3608 SERANTES A DONIÑOS (PK. 0+250 A 4+ 000)	FERROL	207.204,06
TOTAL			1.253.105,43

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

14.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007 4ª FASE. “SINALIZACIÓN EN VÍAS PROVINCIAIS NO NÚCLEO DE RIANXO”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de Conservación de Vías Provinciais 2007, 4ª fase integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración os proxectos

incluídos no mesmo, cun orzamento total de 12.428,48 euros, con cargo á partida 0401/511B/210.01:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
07.1100.0039.0	SINALIZACIÓN NAS VÍAS PROVINCIAIS NO NÚCLEO DE RIANXO	12.428,48
TOTAL		12.428,48

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que se producisen, consideraranse definitivamente aprobado.”

15.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7601 DO P.K. 0+000 AO P.K. 5+350 DA ESTRADA DE CRUZ DE LAMESTRA A SAN SADURNIÑO, SAN SADURNIÑO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado de ampliación e mellora do trazado da e.p. 7601 do p.q. 0+000 ao p.q. 5+350 da estrada de Cruz de Lamestra a San Sadurniño, San Sadurniño incluído no programa de Rede Viaria Local 2006 (código 0624000501.0) polo seu orzamento de contrata de 927.224,34 euros, que non supón incremento algún respecto ao primitivo.

2.- De conformidade co disposto no art. 8.2º da Lei 25/88 de Estradas e 15 da Lei de expropiación forzosa, incluír na relación de bens e dereitos afectados do citado proxecto os que figuran no anexo de expropiacións do proxecto reformado.

3.- Expoñer ao público o proxecto reformado así como a relación de propietarios, bens e dereitos afectados pola execución das obras indicadas, mediante anuncio que se ha publicar no BOP para que dentro do prazo de 15 días poidan facer as alegacións que consideren oportunas, transcorrido o cal sen que se producisen, consideraranse definitivamente aprobado.

4.- Condicionar a formalización das modificacións do contrato co adxudicatario do contrato primitivo MRG ARIDOS Y VIALES, S.L. (B32304677) sen que supoña variación do prezo de adxudicación que é de 686000 euros, a efectiva dispoñibilidade dos terreos unha vez pagados os depósitos previos correspondentes e consignados na Caixa Xeral de Depósitos da Delegación Provincial de Economía e Facenda aqueles outros que non foron cobrados polos titulares.”

16.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007 5ª FASE. “TRAVESÍA DE VILAR NA E.P. 1301 DA GÁNDARA Á AMAÑECIDA P.K. 5+800 AO P.K. 6+470 E NA E.P. 1302 NEGREIRA A URDILDE P.K. 5+470 AO P.K. 5+600 VILAR (BRIÓN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de Travesías 2007 5ª Fase cun orzamento total de 337.427,52 euros e que son os que a continuación se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711300006.0	TRAVESÍA DE VILAR NA E.P. 1301 DE A GANDARA Á AMAÑECIDA PQ. 5+800 AO P.Q. 6+470 E NA E.P. 1302 NEGREIRA A URDILDE PQ. 5+470 AO PQ. 5+600 VILAR (BRION)	337.427,52
TOTAL		337.427,52

2.- Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase do mesmo.

3.- Remitir os citados proxectos aos Concellos correspondentes aos efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno na sesión celebrada o 28/04/2005 (BOP 107/12-5-2005)”

17.-PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ENTIDADE DE INICIATIVA SOCIAL APEM (ASOCIACIÓN PRO DOENTES MENTAIS) PARA O COFINANCIAMENTO DUNHA VIVENDA ALTERNATIVA EN CARBALLO.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

Con respecto a este punto, a voceira do Grupo Popular na deputación, Ángeles Vázquez Mejuto, vai responder.

Sra. Vázquez Mejuto

Bos días a todos, presidente, deputados e deputadas. O PP posicionouse xa na Comisión Informativa sobre este tema deixando patente o noso apoio a todo tipo de políticas sociais e, sobre todo, ás asociacións, como é o caso de APEM, cuxo traballo é imprescindible para sacar adiante actividades que a administración, aínda que quixese, é incapaz de facelo. Temos que gabar dende aquí o seu labor, do cal somos coñecedores, pero si é certo que, como políticos, como persoal dentro da administración, á hora da sinatura dun convenio, como é o caso deste, hai uns trámites

a seguir por parte da administración, e debemos respectalos. Os informes dos técnicos son contundentes, o Grupo Popular en ningún momento quere poñer trabas para que se leve a cabo esta iniciativa social, esta iniciativa que é boa, pero si xa propuxemos na Comisión, valla a redundancia, unha proposta, é dicir, se non estamos seguindo os trámites que deberíamos de seguir a nivel administrativo, nós propoñemos a adquisición desta planta, deste inmovible, por parte da deputación, é dicir, que sexa patrimonio da deputación e despois facer unha cesión en uso que nin sequera ten que ser por cinco anos, que incluso ten que ser por máis, co cal estaríamoslle evitando a eles uns custos e, doutra banda, creo que poderíamos cumprir perfectamente co establecido pola lei. Esta foi a proposta que fixo o Partido Popular, nese sentido estaríamos na mesma liña que teñen outras administracións, tipo Concello da Coruña ou Cruz Vermella con esta asociación, e con outras asociacións, e cremos que é a máis viable.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. Presidente, Sras. Deputadas, Sres. Deputados, moi bos días. É moi brevemente, simplemente indicar que como xa manifestamos na propia Comisión Informativa, dende a área de Benestar Social entendemos que é a mellor opción este convenio coa entidade APEM para cofinanciar a adquisición deste piso tutelado, e polo cal se lles financia aproximadamente un 70%, e ademais é compatible con outras axudas que a entidade poida ter, entendendo que coñecemos os informes e ademais adáptase perfectamente á lexislación, e nós entendemos que a mellor opción é o convenio para o cofinanciamento desta adquisición. Nada máis.

Sra. Vázquez Mejuto

De novo quero deixar claro que non queremos en ningún momento obstaculizar, pero si é certo que se está creando un precedente, co cal, de non admitirse esta proposta, o voto do Grupo Popular vai ser de abstención.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (12 do PSOE e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Primeiro.-

Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se propón, entre a Deputación Provincial da Coruña, e a entidade APEM, (Asociación pro enfermos

mentais) con CIF G-15034176, que ten o seu domicilio social na Praza dos Chopos núm 22.1º, 15.008, A Coruña, para o financiamento da adquisición dunha VIVENDA ALTERNATIVA, en Carballo, e cunha achega da Deputación de 98.800 euros, que se aboarán de conformidade coas cláusulas do indicado convenio, e con cargo á partida 0701/313M/789.01 do orzamento vixente.

Segundo.-

Facultar á Presidencia da corporación, para todo o necesario relacionado coa sinatura do convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A ENTIDADE DE INICIATIVA SOCIAL APEM (ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTAIS), PARA COFINANCIAMENTO DUNHA VIVENDA ALTERNATIVA EN CARBALLO.

A Coruña, na sede da Excma. Deputación Provincial, de de 2007

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo Secretario Xeral, don José Luis Almau Supervía e

Don José Luís Muruzábal Arlegui Presidente da Asociación APEM (Asociación pro enfermos mentais).

EXPOÑEN

1º) É competente a Deputación conforme a Lei 4/93, de Servizos Sociais para Galicia, artgs 5,11,13 e 22, apartado sexto, para a colaboración no financiamento de actividades das entidades que prestan servizos sociais especializados na provincia

2º) A Asociación APEM, ten como finalidade entre outras o fomento e a creación de servizos e centros rehabilitadores para a recuperación e integración social e laboral das persoas con enfermidades mentais.

Ambas entidades, formúlase unha colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- finalidade e obxecto da colaboración.

A Excma. Deputación da Coruña formúlase como finalidade deste convenio o desenvolvemento na provincia, dos servizos de atención a persoas con discapacidades

O **obxecto** e contido desta colaboración é a achega dunha axuda económica para a ADQUISICIÓN DE VIVENDA ALTERNATIVA para residencia de 5 persoas con enfermidades mentais en Carballo, A Coruña.

SEGUNDA.-Orzamento da actividade e importe da colaboración.

Concrétase a actuación da deputación na axuda económica por importe de **96.800 euros**, á Entidade APEM, para a adquisición dunha vivenda en Carballo.

Segundo o orzamento presentado e que figura como **Anexo I-** do Convenio, a actividade ascende a un importe estimado inicialmente é de 132.222, 66 euros..

TERCEIRA.- Achega da Deputación e porcentaxe de financiamento.

A Deputación aportará o máximo de 96.800 euros (noventa e seis mil oitocentos euros) do total do gasto previsto con cargo á partida 0701/313M 789.01 do vixente presuposto do 2007.

A achega provincial, representa o 73,21%. do presuposto da adquisición, sendo a cargo da Asociación APEM, a restante achega que se requira, para a execución do total da adquisición prevista, así como para o pagamento dos impostos e cargas correspondentes

CUARTA.- Obrigas e compromisos da Asociación .

a) A Asociación comprométese a execución da actividade subvencionada, consistente en realizar a adquisición, conforme o previsto na súa solicitude, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio.

b) A Asociación comprométese a dar adecuada publicidade a esta colaboración da Deputación Provincial da Coruña, e así o fará constar en todo tipo de información que realice en desenvolvemento da actividade subvencionada.

c) Igualmente correspóndelle a Asociación a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do Convenio; e facilitar a actuación dos técnicos da deputación no seguimento do mesmo. Así mesmo, deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, durante polo menos un ano despois do seu pagamento, e facilitará as actividades de control financeiro posterior, previstas na Lei Xeral de Subvencións 38/2003, conforme ao disposto pola Deputación respecto das subvencións xa xustificadas, e se é o caso a información que sexa precisa para a elaboración de bases de datos nos termos previstos regulamentariamente.

d) A Asociación comprométese a solicitar as licenzas e permisos correspondentes a actividade, e a respectar a legalidade vixente en materia de ordenación urbanística, protección do ambiente e respecto ao patrimonio histórico- artístico, e a adquirir a vivenda que cumpra os requisitos previstos no Decreto 347/2002, de 5 de decembro, sobre vivendas e pisos protexidos para persoas con trastornos mentais persistentes.

e).- A Asociación deberá destinar os bens, ao fin para o que se concedeu a subvención, durante, polo menos **cinco anos**, a contar dende a presentación da documentación xustificativa do presente convenio.

Deberá realizar a **inscrición do ben no rexistro** da propiedade, facendo constar a subvención obtida e a finalidade para a que a subvención foi concedida, e polo prazo establecido.

f) **.- En relación ao importe do gasto subvencionable o compromiso de APEM, ten o alcance seguinte:**

*- **Se**, supera os 12.000 no caso de adquisición de bens ou contratos de prestación de servizos, de consultoría ou asistencia técnica, a entidade deberá solicitar varias ofertas para a elección do adxudicatario, o que deberá acreditar no seu momento, nas xustificacións.

De conformidade co disposto no art. 31,3 da Lei 38/2003, xeral de Subvencións, a Asociación, **de non telo feito xa, con anterioridade a petición da axuda**, comprométese polo tanto a solicitar polo menos, 3 presupostos de diferentes provedores ou contratistas, e garantir os principios de publicidade, concorrencia igualdade e non discriminación, realizándose a adxudicación con criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica de máis vantaxe.

- No caso de constituír cargas reais sobre os bens, como hipotecas ou outras, deberá comunicalo á deputación no seu momento, comprometéndose ao envío anual dunha certificación sobre os pagamentos correspondentes, ata a súa completa extinción.

QUINTA.- Forma de pagamento das achegas da Deputación.

A achega provincial , aboarase do xeito seguinte:

O pagamento levarase a cabo unha vez asinado o convenio, por importe do total correspondente da axuda prevista no convenio, trala presentación dun aval polo importe desta contía e un 20% mais, polo concepto de xuros de mora.

A devolución do aval levarase a cabo unha vez presentada a documentación xustificativa prevista no apartado seguinte.

SEXTA.-Presentación e tramitación da documentación xustificativa:

A) Antes da finalización do prazo do convenio, presentarase unha conta xustificativa cos seguintes documentos :

A-1.- UNHA MEMORIA DA ACTUACIÓN, na que a entidade faga constar o cumprimento das condicións e compromisos da concesión da axuda, e acompañada da documentación acreditativa correspondente , co seguinte contido:

1-a).-A manifestación de que a entidade ten cumprida a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida, con indicación do resultado obtido.

1-b).- A descrición de como se levou a cabo o cumprimento dos compromisos e as condicións de publicidade da axuda concedida pola Deputación, aportando a documentación acreditativa que proceda. No caso do Rexistro da propiedade, acreditarase cos documentos correspondentes ao inmovible.

1-c).- Acreditación das autorizacións de apertura e funcionamento que se precisen para a actividade.

1-d).- Declaración de non estar incurso a entidade, en causa de prohibición, que lle impida obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao indicado no art. 13 de Lei 38/2003, Xeral de Subvencións

1- e) Declaración de non ter pendente de reintegro ou de xustificación, sendo o caso de que xa transcorrera o prazo para facelo, outra axuda ou subvención desta Deputación.

1-f).- Declaración de ter dado cumprimento aos compromisos de solicitude de ofertas a varios provedores, no caso da obriga de ter que solicitalos, indicando como foi resolta a adquisición.

Achegaranse os orzamentos das ofertas que en cumprimento da Lei Xeral de Subvencións, art. 31,3, ou da normativa de contratación segundo o previsto na cláusula cuarta, se presentase a entidade para resolver a contratación.

A-2.-UNHA MEMORIA ECONOMICA : co seguinte contido:

2-a)- Unha relación clasificada de todos os xustificantes dos gastos efectuados indicando se houbo desviacións respecto do presuposto estimado inicialmente.

2-b)- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas para o mesmo obxecto ou a declaración no seu caso de non ter outras axudas públicas ou privadas para o mesmo.

(A Asociación poderá obter subvencións de outras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade, pero o importe de todas elas, non poderá superar o 100% do gasto xustificado, minorándose no necesario a achega provincial para tal fin. No caso de que xa se producira o pago, reintegrase a deputación cos xuros de mora, conforme o previsto la Lei 38/2003 Xeral de Subvencións).

2-c)- Relación de gastos da actividade, coa seguinte documentación:

- Nas adquisicións de bes inmovibles:

* fotocopia compulsada da escritura publica e xustificantes de ter satisfeitos os impostos correspondentes.

* documentación acreditativa dos pagamentos efectuados.

* xustificantes ca constitución de hipoteca sobre o ben se é o caso.

Dilixencia nas compulsas: en todas as facturas fotocopiadas, previamente deberá figurar no orixinal unha dilixencia na que se deixa constancia de que esta foi utilizada como xustificante de pago para obter unha subvención na Deputación.

A-3 ACORDO DO ORGANO COMPENTENTE DA ENTIDADE, acreditado mediante certificación expedida por quen corresponda, da aprobación das facturas e certificacións presentadas, e da recepción dos bens de equipo, ou das obras unha vez presentada a última certificación da realización desta.

A-4 SINALAR CONTA de titularidade da Asociación para efectualos pagos, nos impresos correspondentes.

Se se fixeron pagos de fondos anticipados, ten que aportar extracto dos movementos da conta coas xustificacións documentais.

A-5 CERTIFICACIÓN da axencia tributaria e da tesourería da Seguridade Social, de non ter débedas pendentes.

En canto as débedas coa Deputación, comprobarase de oficio que a entidade está ao corrente **nas súas obrigas fiscais**.

(A Entidade deberá estar ó corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social, de conformidade co disposto na Lei Xeral de Subvencións, no artigo 14 e) para a concesión e no art. 34,5 en canto ao recoñecemento da obriga de pago).

B) Tramitación dos xustificantes:

Se non se xustifica totalmente o presuposto subvencionado, pero está acreditado que a finalidade básica da subvención foi cumprida, minorarase a achega da Deputación, coa aplicación da porcentaxe de financiamento correspondente (é dicir o 73,21%) indicado, sobre o gasto efectivamente xustificado, cos límites expresados no parágrafo seguinte.

No caso de que os gastos xustificados foran superiores ao previsto, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada na cláusula terceira.

Os pagamentos requirirán informe favorable da Sección de Servizos Sociais, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de fondos.

SETIMA.- prazo de vixencia do convenio e da presentación das xustificacións.

O período de vixencia do presente convenio será dun ano, desde a súa sinatura.

A documentación xustificativa correspondente aos gastos referidos a este Convenio, respecto da obra subvencionada pola Deputación, deberá presentarse antes da data de finalización do Convenio.

Os prazos indicados nesta cláusula, poderán ser prorrogados se se estima que hai motivación suficiente e se solicita coa antelación que permita a súa tramitación antes da finalización deles.

Vencidos os prazos e as prórrogas, sen que se presentase debidamente motivada a xustificación do retraso ou a non realización do obxecto do convenio, requiriráselle á entidade para a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días, e sendo de aplicación en todo caso o réxime sancionador previsto na cláusula novena do Convenio, sendo sancionable a presentación fóra de prazo coa imposición dunha sanción económica, do xeito previsto nas Bases de execución do orzamento da Deputación para 2007, que poderá ser obxecto de compensación coas cantidades pendentes de pago.

OITAVA.-Modificacións do Convenio.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e en todo caso a obtención de axudas outorgadas por outros Entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificación do Convenio.

NOVENA.- Causas de resolución e reintegro e réxime sancionador

Serán causas de resolución do presente convenio, dando lugar no seu caso o reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas do Convenio.
- A aplicación dos fondos a fins distintos aos que deron lugar a súa concesión.
- A ausencia da xustificación na forma establecida no Convenio.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro, e nas Bases de execución do presuposto vixente da Deputación.

DECIMA.-

O presente Convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia do mesmo.

Para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na súa interpretación, estarase ao disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006 de 21 de xullo, así como no R.D. legislativo 2/2000 de 16 de xuño, que aproba o Texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas e nas vixentes Bases de execución do orzamento provincial.

ANEXO I.

VIVENDA	PREZO	SUPERFICIE	Nº HABIT	BAÑO/ASEO	GARAXE	TRASTEIRO	PRECIO/M2
C/ Cuba	132.122	95	3	2	SI	SI	1.391,82€

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do dous mil sete

En proba de conformidade asinan o presente convenio por exemplar cuaduplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL

O PRESIDENTE DA ASOCIACION APEM

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: José Luís Muruzábal Arlegui

18.-TOMA DE COÑECEMENTO DA CONCESIÓN DO XIX PREMIO DE NARRATIVA TORRENTE BALLESTER.

A Corporación toma coñecemento da concesión do XIX Premio de Narrativa Torrente Ballester.

19.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL AO PADROADO QUE XESTIONA O INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), COMO ACHEGA PROVINCIAL AO CAPITAL FUNDACIONAL DE IFECO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1. Modificar a cantidade a que ascende a achega da Deputación ao capital fundacional do IFECO (Fundación Instituto Feiral de A Coruña) acordada polo acordo plenario da Deputación con data do 26.03.04 e nos estatutos da Fundación Feiral de A Coruña.

2.- A achega da deputación, que mantén a súa natureza de achega sucesiva ao capital fundacional da fundación, queda establecida nun total de 8.343.159,88 euros de acordo co recollido no seguinte cadro:

Achega Deputación respecto do proxecto inicial (24% de 22.260.936,99 euros)	= 5.342.624,88
Achega da Deputación respecto do presuposto reformado (24% de 34.763.166,18 euros)	= 8.343.159,88
Diferenza entre achega respecto proxecto inicial-Modificado:	= + 3.000.535,00”

3.- O importe da achega adicional da deputación, cuantificado na cantidade de 3.000.535,00 € incorporarase ao orzamento provincial do exercicio 2008 e poderá facerse efectivo, unha vez entre en vigor o orzamento provincial do dito exercicio, trala xustificación da execución da obra perante a deputación con cargo á aplicación orzamentaria 0305/721A/870.00 . RCP do exercicio 2008 nº 220079000265 e 220079000266

En todo caso a aplicación e vixencia do presente acordo queda sometida á condición suspensiva de que entre en vigor o orzamento provincial do exercicio 2008 e de que no mesmo se incorpore a consignación de crédito adecuado e suficiente para atender o gasto correspondente. Todo isto en cumprimento do establecido nos artigos 69.4 do Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas RDL 2/2000 e no artigo 56 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral á subvención aprobada polo RD 887/2006.

4.- Establécese como prazo final para a xustificación da execución e remate das obras do novo recinto feiral na deputación a data do 30 de xuño de 2008, prazo que poderá ser ampliado a solicitude motivada da Fundación. O prazo do 30 de xuño de 2008 será tamén o aplicable á parte da achega provincial pendente de aboar a IFECO respecto do proxecto inicial da obra.”

20.-CONVENIO CON A.D.R. SAR ULLA E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR A SÚA ACTIVIDADE XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA., para financiar a súa actividade xeral e gastos de funcionamento.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 24.000 €

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/560.A/489.01 .

3.- Facultar á Presidencia para a firma do presente convenio

4.- O texto íntegro do convenio é o queda incorporado o presente ditame como anexo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL SAR-ULLA PARA FINANCIAR A SUA ACTIVIDADE XERAL E OS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

A Coruña, de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como Presidente da Excmo. Deputación Provincial de A Coruña.

Doutra parte D. Xosé Luís García García , en representación da Asociación de desenvolvemento rural Sar-Ulla.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos na representación que ostentan e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

1.- Que a Excmo. Deputación Provincial da Coruña e consideran de gran interese para a provincia da Coruña a Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA, o obxectivo de financiar proxectos promovidos pola Asociación e os concellos de Ames, Brión, Santiago de Compostela e Teo, para o desenvolvemento comarcal de Galicia, que foron aprobados e certificados no ano 2007 polo Programa de Desenvolvemento Rural Proder II.

2.- Que a Deputación da Coruña ten atribuída legalmente a competencia de fomento dos intereses da provincia.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da, as dúas partes acordan subscribir un convenio Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA, conforme ás seguintes

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA: OBXECTO

A Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA. Para a consecución dos seus obxectivos, a actividade da Asociación concrétese nas seguintes actuacións:

- Prestación de asesoramento e demandas de información.
- Promoción e impulso do programa de desenvolvemento.
- Xestión dos proxectos.
- Participación e organización de eventos.

SEGUNDA: OBRIGAS

A Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA informará á Excmo. Deputación provincial da Coruña sobre o estado detallado da execución dos proxectos incorporados no presente convenio.

A asociación asume a obriga de facer constar a colaboración da Excmo. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

Tendo en conta que os proxectos son promovidos polos concellos, estes naqueles gastos de execución dos proxectos que non xestionen directamente e sexa preciso acudir á contratación administrativa, neste suposto axustarase ó disposto no R.D.Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

TERCEIRA: FINANCIAMENTO E PAGAMENTO

A Deputación da Coruña financiará os proxectos cunha achega de 24.000,00 co obxectivo de custear parcialmente o custo derivado da actividade xeral. A porcentaxe da achega provincial é un 49,94 % do importe total do orzamento 48.056,18 €.

CUARTA: FORMA DE PAGAMENTO

A achega provincial librarase en pagos proporcionais ás cantidades xustificadas e previa acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación dos correspondentes xustificantes . No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ao orzamento da actividade, a achega da Deputación non superará a cantidade máxima establecida na cláusula segunda para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 30/07/2008

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificada. Así mesmo a Asociación de Desenvolvemento Rural SAR-ULLA deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas coa Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

No caso de non superar o custo da actividade subvencionada, a entidade procederá a reintegrar á Deputación Provincial da Coruña o exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes.

Os pagamentos requirirán informe favorábel da Sección de Promoción Económica, do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención de Fondos.

QUINTA: NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este será competencia da Xurisdición contencioso administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ao disposto no R.D.Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e en especial a obriga de estar ó corrente das obrigas tributarias e de Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga do pago da citada lei.

SEXTA:

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e entenderase ata o 30 de Xullo de 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

SÉTIMA:

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

OITAVA:

Son cláusulas de resolución do presente convenio:

1.- O seu incumprimento total ou parcial.

2.-O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade asinan, por exemplar cuadruplicado presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
PROVINCIAL DE A CORUÑA DESENVOLVEMENTO RURAL SAR-ULLA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Xosé Luís García García

21.-CONVENIO COA CORAL TOXOS E FROLES. CONGRESO CONMEMORATIVO DO CENTENARIO DO HIMNO GALEGO.

(Incóporase á sesión a Sra. Vázquez Veras).

INTERVENCIONS

Sr. Rey Varela

Moitas grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, para anunciar que o Grupo do Partido Popular vai apoiar esta proposta. O Coro Toxos e Froles é o coro decano dos existentes en Galicia e, polo tanto, parécenos moi positiva a súa asistencia para interpretar a actuación que ten prevista en Cuba. Polo tanto, vaia o noso apoio tamén á proposta que hoxe traen aquí a este Pleno.

Sr. Presidente

Quero lembrar ademais, non sei se é certo, pero esa é a impresión que teño, que este coro foi o primeiro que cantou o himno galego en Galicia. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e co Real Coro "Toxos e Froles" para financiar a asistencia ao congreso "Centenario de Interpretación do Himno Galego" en Cuba.

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 69.000 euros, que supón o 69,565 % do orzamento do proxecto.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/451E/489.01.

3.- O texto íntegro do convenio é o queda incorporado o presente ditame como anexo."

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E REAL CORO TOXOS E FROLES NOS ACTOS DO CENTENARIO DO HIMNO GALEGO NA HABANA EN DECEMBRO DO 2007

A Coruña, de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Salvador Fernández Moreda, como Presidente da Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Doutra parte D. Pedro Emilio Sanz Sánchez, en representación do Real coro "Toxos e Froles"

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN:

Que . 1.- Que a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Real Coro "TOXOS E FROLES" consideran de gran interese para a provincia da Coruña o obxectivo de vitalizar e impulsar todos os aspectos relacionados coa cultura galega, de xeito que poida contribuír á divulgación da mesma,

2.- Que a Deputación da Coruña é receptiva a todo aquilo que signifique estudo información e divulgación sobre a cultura galega.

3.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do Real Coro "TOXOS E FROLES", as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

ESTIPULACIÓNS:

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O obxectivo do presente convenio é a colaboración entre a Deputación e o Real Coro "TOXOS E FROLES" para promover o congreso do centenario de interpretación do himno galego

En concreto a achega da Deputación destinarase ó financiamento do orzamento que é o que se desagrega posteriormente no presente convenio.

Segunda .- Compromisos a cumprir polo Real Coro "TOXOS E FROLES"

O , comprométense a:

- a) Executar o proxecto de acordo coas determinacións establecidas no presente convenio.
- b) Presentar ante a deputación certificación comprensiva do gasto total xustificado.
- c) Presentar ante a deputación memoria técnica na que queden acreditados todas e cada unha das actuacións realizadas.

De conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, garántese o cumprimento das prescricións incorporadas no artigo 31.3 ben mediante a presentación de 3 ofertas ou se as especiais características do contrato así o esixen, mediante a xustificación documental da imposibilidade de realizar a licitación do contrato; todo isto de acordo coa normativa xeral de contratación das administracións públicas.

Para estes efectos, aqueles gastos de execución do proxecto que non xestione directamente a entidade beneficiaria da achega provincial, serán contratados de acordo co disposto no R.D.Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

A asume a obriga de facer constar a colaboración da Excma. Deputación Provincial da Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación do proxecto.

Terceira.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio.

A contía destinada pola deputación para a realización do programa obxecto deste convenio ascende ao que representa o 69,57 % do importe do orzamento da actividade que figura a continuación:

50 viaxes á Habana, de 43 coristas, 3 directivos e 4 xornalistas con un importe por praza de 1.200 € (1.200 X 50 =60.000 €)

Gastos varios derivados da organización do acto: 9.000 €

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse remitir declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificado.

Cuarta.- Forma de pagamento

A achega provincial librarase trala acreditación dos gastos efectivamente realizados mediante a presentación das correspondentes facturas. O importe que se ha librar será o que aparece reflectido no presente convenio. No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ao presuposto da actividade, a achega da deputación non superará a cantidade máxima da establecida na cláusula terceira para cada obra. En todo caso a achega provincial limitarase aos gastos efectivamente xustificadas antes do 31 de marzo de 2008.

A achega provincial poderá ser compatible con outras achegas públicas ou privadas para idéntica finalidade. En todo caso deberanse achegar declaracións expresas das achegas públicas ou privadas obtidas para o mesmo fin, sen que en ningún caso o importe total das achegas concorrentes superen o custo da actividade realmente xustificado. Para o aboamento da achega provincial a entidade deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa

Seguridade Social. Asemade, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que se determinará de oficio a través do servizo de Recadación da Deputación.

Quinta.- Xustificación a realizar por parte das organizacións.

Antes do 31 de marzo do ano 2008 a presentará documentación xustificativa da execución do proxecto: memoria técnica e facturas xustificativas do gasto realizado.

Sexta.- Reintegro das cantidades percibidas

No caso de que se resolva o convenio ou que as xustificacións realizadas non cubran a totalidade da contía anticipada, deberá devolver á Deputación a parte do percibido que corresponda antes do 31 de marzo de 2008 xunto con xuros de mora a que se refire o artigo 38.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, computados dende a data do libramento ata o seu reintegro efectivo.

Sétima.- Comisión de seguimento

Cada unha das partes designará un representante co fin de constituír a Comisión de Seguimento do Convenio para facer un seguimento da súa execución e cumprimento.

Oitava.- Control, seguimento e avaliación

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial da Coruña establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar a realización da finalidade perseguida neste convenio.

Novena.- Resolución do presente convenio

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

Décima.- Carácter administrativo do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran xurdir na súa interpretación estarase ó disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e na Lei 13/95 de 18 de maio de contratos das administracións públicas no R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo caso aplicarase a Lei Xeral de Subvencións nos termos expresados na Disposición Transitoria Segunda da mesma

Décimo primeira.- Vixencia do convenio

O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ó da súa sinatura e entenderase ata o 31 de marzo de 2008, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

En todo caso manterase a súa vixencia no relativo aos procedementos de control financeiro e reintegro dos fondos públicos achegados.

Corresponde ao Presidente da Corporación a interpretación, modificación e resolución do presente convenio.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asina-lo presente documento por cuádruplicado exemplar, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
A CORUÑA

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo: Pedro Emilio Sanz Sánchez

22.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN CIVIL CENTRO DE XUBILADOS E PENSIONADOS DA REPÚBLICA ARXENTINA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o “*Centro Galego de Xubilados e Pensionados da República Arxentina*”; para o financiamento de pequenas reparacións no local social e equipamento para levar a cabo o seu labor asistencial cunha achega provincial de 12.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100%), imputándose na partida 0104/463C/489.01 do vixente orzamento xeral para 2007.

2º.- Facultar ao Presidente para a firma do convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CENTRO GALEGO DE XUBILADOS E PENSIONADOS DA REPÚBLICA ARXENTINA, PARA FINANCIAR PEQUENAS REPARACIÓNS NO LOCAL SOCIAL E EQUIPAMENTO PARA LEVAR A CABO O SEU LABOR ASISTENCIAL.

A Coruña, de de dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de Presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Perfecto Marcote Marcote, que intervén neste acto en nome e representación do “Centro Galego de Xubilados e Pensionados da República Arxentina”, con domicilio social na rúa 25 de maio número 462, cidade de Avellaneda, Provincia de Bos Aires (Arxentina), entidade sen ánimo de lucro constituída como asociación civil en 1.992 ao abeiro da lexislación da República da Arxentina, actuando na súa calidade de Presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 17 dos seus Estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro:

A Deputación da Coruña, en adiante Deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre os seus fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Centro Galego de Xubidos e Pensionados en adiante Centro Galego é unha institución privada sen fins de lucro, constituída en 1.992 ao abeiro da lexislación da república Arxentina, para a mellora da calidade de vida especialmente dos pensionados e xubilados galego residentes no devandito país

Segundo

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias atópanse afastados da súa terra.

Terceiro

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, incluída a Arxentina, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean vivindo unha insostible situación de precariedade económica e asistencial.

Cuarto

Sendo finalidade común a ambas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior especialmente para o colectivo da terceira idade, que é a que máis sofre as consecuencias das crises económicas e en moitos casos, impídelles dispoñer dos medios para garantir unha cobertura asistencial mínima.

É por isto que ambas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiamento de pequenas reparacións no local social e equipamento para levar a cabo o seu labor asistencial

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación comprométese a achegar a cantidade de 12.000 euros para financiar o obxecto do convenio o que supón unha achega do 100% do orzamento subvencionado de gastos. co detalle seguinte:

Obxecto	Importe €
Material necesario para levar a cabo a reparación da parede medianeira , con reboque e tratamento antihumidade. no salón superior da sede social, que serve para o desenvolvemento de actividades varias e como almacén de materiais	7.000
Material xeriátrico (cadieras de rodas, bastóns, muletas e colchóns de aire)	5.000
Total	12.000

O centro galego beneficiario comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, con carácter previo á realización das adquisicións, a solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada consonte criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da Deputación, materializarase mediante a remisión á beneficiaria das seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 6.000,00 euros (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Previa á transferencia, a entidade remitirá á Deputación ben garantía suficiente equivalente ao importe anticipado, ben xustificación acreditativa do importe a transferir.

2ª transferencia: 6.000,00 euros (50% restante) á recepción da xustificación acreditativa dos gastos realizadas por importe igual ou superior a 6.000 euros. e do cumprimento total do convenio (no caso de que o primeiro pagamento efectúese trala presentación de xustificantes) En caso de que o primeiro prazo se aboe previa presentación de garantía a xustificación acreditativa dos gastos no segundo prazo será por importe igual ou superior a 12.000,00 € e do cumprimento total do convenio

O Centro Galego comprométese a remitir como documentación xustificativa da realización do obxecto do convenio:

- Informe do Presidente da entidade no que se especifiquen as obras e as adquisicións realizadas, a publicidade do financiamento por parte da Deputación,
- Factura, recibos e outras pezas xustificativas das adquisicións realizadas

Coa proposta de aprobación da última adquisición poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

- Declaración de axudas recibidas para a mesma finalidade

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación, aboándose o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta,

As propostas de pagamento serán informadas favorablemente polos servizos de Planificación desenvolvemento territorial e Unión Europea, Patrimonio e Contratación e a Intervención Xeral.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de troco oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

O Centro Galego comprométese:

1º. A comunicar a todos os seus socios o financiamento das obras e adquisicións realizadas para o Centro Social con cargo aos presupostos da Deputación da Coruña.

2º. A poñer en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da reforma financiada. A achega da Deputación non poderá superar, en concorrencia con outros ingresos, o importe total dos gastos realizados.

3º A destinar os bens reformados e adquirídevos con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de cinco anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderá ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor a partir da súa sinatura ata a terminación das adquisicións e equipamentos. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non producirá efectos máis alá do 31 de decembro de 2008.

QUINTA: INTERPRETACIÓN.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Deputación, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicable, principalmente na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no regulamento que a desenvolva, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e nas Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial da Coruña para 2007.

Sen prexuízo do indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estimar oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas ao foro xurisdiccional dos órganos da administración de xustiza que foren competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

O Centro Galego deberá reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen axeitadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades a reintegrar, non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputable á entidade beneficiaria

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE DA SOCIEDADE CIVIL
CENTRO GALEGO DE XUBILADOS E
PENSIONADOS DA REPÚBLICA ARXENTINA

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo. Perfecto Marcote Marcote

23.-CONVENIO COA SOCIEDADE CLUB DEPORTIVO CERCEDA-GENÉVE (SUÍZA).

Por unanimidade apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a “*Sociedade Club Deportivo Cerceda-Genève (Suíza)*”; para financiar a instalación dun aparato elevador na súa sede social, cunha achega provincial de 30.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 10,77%), imputándose na partida 0104/463C/789.01 do vixente orzamento xeral para 2007.

2º.- Facultar ao Presidente para a firma do convenio.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE CLUB DEPORTIVO CERCEDA – GENÈVE (Suíza) PARA FINANCIAR A INSTALACIÓN DUN ELEVADOR NA SÚA SEDE SOCIAL

En, a de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de Presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Manuel García Castro, que intervén neste acto en nome e representación da sociedade *Club Deportivo Cerceda – Genève (Suíza)*, actuando na súa calidade de Presidente e conforme as competencias que ten atribuídas nos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A sociedade *Club Deportivo Cerceda – Genève (Suíza)* é unha institución privada sen fin de lucro, de carácter deportivo e cultural, que dirixe as súas actuacións aos emigrantes galegos en Suíza, e aos seus descendentes, especialmente aos que viven na cidade de Genève, aínda que non dispón dun local social propio.

As actividades que leva a cabo a sociedade *Club Deportivo Cerceda – Genève*, inclúen diversos deportes, principalmente o fútbol, e outras actividades culturais e de ocio (grupos folclóricos, biblioteca, centro de documentación, etc).

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha

estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran alonxados da súa terra.

É por iso que ambas as dúas entidades, acordan a realización dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Colaborar no financiamento das obras de remodelación do local social, levadas a cabo en terreos propiedade da sociedade beneficiaria, sitos na Rue Jean Luis Hugon 1205 Gêneve.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 30.000 euros para o financiamento do obxecto do convenio, citado na cláusula anterior, cuxo orzamento de gastos é de 278.638,58 euros, segundo o detalle que se incorpora como anexo a este convenio.

Segundo o anterior, o coeficiente de financiamento é do 10,77 %.

A entidade beneficiaria comprométese a dar cumprimento ao artº 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, segundo o cal, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros, no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros, no suposto de subministracións de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que por as especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Unha vez asinado o convenio, a achega da Deputación materializarase despois da xustificación da execución do obxecto do convenio, mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria da execución, subscripta polo presidente ou representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento, aludindo á publicidade da financiamento provincial. A este informe achegarase unha reportaxe fotográfica das obras de reforma realizadas.
- Certificación de gastos soportados, ao que se acompañará os orixinais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, acreditativos das adquisicións e servizos.
- Acreditación da propiedade ou, no seu caso, da autorización para levar a cabo as obras.
- Acreditación da obtención das licenzas correspondentes.
- Acreditación da recepción das obras e subministracións, así como da aprobación das facturas polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Declaración doutras axudas recibidas para a mesma finalidade.
- Declaración de cumprimento das obrigas impostas pola normativa nacional correspondente, no desenvolvemento e execución das obras.

Os correspondentes pagos materializaranse despois dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento territorial e Unión Europea e do Servizo de Fiscalización. Da súa aprobación darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

A entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, se é o caso.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á Deputación. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

A sociedade *Club Deportivo Cerceda – Genève* comprométese a:

- Dar publicidade do financiamento das obras e adquisicións con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.
- Poñer en coñecemento da Deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo das obras e adquisicións financiadas.
- Destinar as instalacións obxecto de reforma e equipamento subvencionados á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida, nos termos establecidos na lexislación española.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da Deputación, aboándose o 10,77 % da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, conforme ao previsto na cláusula sexta.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio terá unha vixencia dun ano, dende a súa sinatura. Non surtirá efectos despois do 31 de decembro de 2008, salvo que a beneficiaria solicite motivadamente unha prórroga para a súa xustificación.

QUINTA: INTERPRETACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

As lagoas ou diverxencias que poideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse, interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e na normativa española aplicable, principalmente na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no regulamento que a desenvolve, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, e nas Bases de execución do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña para 2007.

Malia o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá entablar as accións xurisdicionais que considere oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as partes ao fuero xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que foran competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente para a súa resolución.

A sociedade *Club Deportivo Cerceda – Genève* deberá de reintegrar ao erario provincial aquelas cantidades que, percibidas con carácter previo á realización das obras ou adquisicións, non foran adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputable á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario de de de dous mil sete.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no seu encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE A CORUÑA

O PRESIDENTE DO CLUB DEPORTIVO
CERCEDA-GENEVE (SUIZA)

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.- Manuel García Castro

ORZAMENTO DE GASTOS

TRANSFORMACIÓN DUN LOCAL NO SOTANO PARA A ASOCIACIÓN CD CERCEDA
XENEBRA

SUPERFICIE: 320 M2 VOLUME: 800M3

RECAPITULACIÓN DOS CUSTOS DE CONSTRUCCIÓN:

1	Traballos previos Procedemento acelerado e taxas administrativas Estudio acústico Demolición e encofrado de muro cemento armado	9.377,43 1.945,53 9.546,04	20.869,00€
2	Excavación e evacuación		7.911,81€
3	Paredes Mestras 1 Instalación de obra Canalización interior EP e EU, bomba Albanelería e cemento armado	2.172,50 10.903,37 14.526,59	27.602,46€
4	Paredes Mestras 2 Carpintería exterior en PVC Impermeabilización e illamento especial	5.706,87 3.320,37	9.027,24€

5	Electricidade Instalacións eléctricas	11.284,05	11.284,05€
6	Calefacción e ventilación Instalación de radiadores Ventilación cociña e bar	9.857,34 48.962,36	58.819,70€
7	Sanitarios Instalacións sanitarias Arranxo de cociña e bar	15.888,46 23.022,04	38.910,50€
8	Arranxos interiores 1 Escaiolas (tabiques Alba) Obra metálica con sistema de cerramento SI Carpintería interior Falso teito acústico	16.212,71 5.123,21 2.075,22 10.246,43	33.657,57€
9	Arranxos interiores 2 Solados Alicatados Limpeza	6.225,68 14.785,99 1.167,31	22.178,98€
10	Honorarios Enxeñeiro Arquitecto Seguros de riscos e garantía	5.674,44 17.833,98 5.188,06	28.696,48€
TOTAL			258.957,79€
IVE: 7,6%			19.680,79€
TOTAL IVE INCLUIDO			278.638,58 €

24.-ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2008 E BASES DE EXECUCIÓN.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Antes de darlle a palabra ao Sr. Lagares quero agradecerlle o tremendo esforzo que fixo na confección deste orzamento, independentemente do debate e do que saia na votación, e quero lembrarlle Sr. Lagares, porque coñezo a súa vocación de mestre e de pedagogo, que o Sr. Vicepresidente económico do Goberno utiliza media hora para presentar os Presupostos Xerais do Estado, polo tanto, pídlle prudencia e sensatez no uso do tempo. Ten a palabra.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, trataremos de non consumir o tempo que consome o Sr. Solbes. Sras. e Sres. Deputados, coa filosofía de gastar menos para facer máis e mellor, presentamos este orzamento do exercicio 2008 ao Pleno desta Corporación. Sen dúbida, como coincidiremos todos, a aprobación dos orzamentos en calquera institución vén a ser un dos feitos máis importantes desta. Neste caso trátase de buscar un camiño que leve á provincia e os seus cidadáns pola senda da cooperación e a solidariedade. Dicar que non é un camiño pechado, é un camiño aberto, os orzamentos non son estáticos, son orzamentos dinámicos, que sofren distintas transformacións ao longo do exercicio. Estas transformacións, por suposto, son a incorporación de remanentes, que se non hai ningún obstáculo, farase alá polo mes de febreiro, os distintos expedientes de modificación de créditos, tanto por parte do Pleno, como por parte da Presidencia, logo virá a súa liquidación e a Conta Xeral, que é, sen dúbida, como ben saben todos vostedes, o remate ao exercicio económico e a súa rendición ao Consello de Contas.

Este é o primeiro orzamento que presenta este novo equipo de goberno, e que tratará, como fixo o anterior, de que a deputación sexa o concello de concellos, e que se actúe de forma áxil, de forma obxectiva, de forma cooperativa e de forma solidaria, e enmarcado nesa primeira frase que dicía eu de gastar menos para facer máis e mellor.

Cales son as características principais, globais, deste orzamento preventivo, deste Orzamento inicial 2008? En primeiro lugar, dicirlles que o eixe principal está na asistencia xurídica, técnica e económica aos concellos, e na elaboración do Plan de cooperación ás obras e servizos. Cremos que son os dous eixes principais que ten toda a deputación, referíndome ao POS, ao Plan de obras e servizos, ten unha contía de 23.200.000 euros, o que supón un incremento de 600.000. Outra característica é que procúrase a máxima austeridade no gasto corrente para que así nos queden economías liberadas para os investimentos máis produtivos.

Moitas veces, as partidas cuantitativamente non son elevadas, pero cualitativamente teñen a súa importancia. Estoume referindo ao apartado de Servizos Sociais, ao apartado de colaboración coas ONG e cos centros que temos alén do mar, os galegos, ou en Europa, hoxe acabamos de aprobar dúas partidas. Estas partidas que son mínimas, saben todos vostedes que as reciben, sobre todo nos nosos países irmáns, en concreto na Arxentina, onde recentemente houbo unha viaxe institucional, digo recentemente, xa pasou un ano, e son recibidos cun grande agarimo e cunha grande estima.

É un orzamento realista, porque coinciden os ingresos previsibles cos gastos que imos efectuar. E continúaase decididamente polos mecanismos da colaboración, da coordinación e da cooperación interadministrativa. Aí están as achegas importantes aos distintos consorcios, como son IFECO, o Recinto Feiral da Coruña, que expresamos o noso desexo de que sexa unha realidade en breve, o Consorcio Pro Feiras de Ferrol e o

futuro Consorcio de Normalización Lingüística que se levará a efecto no exercicio 2008.

Continúase cos servizos de modernización e ampliación destes nas zonas tributarias. Queremos facer unha auténtica descentralización e que a asistencia aos concellos se plasme directamente máis preto dos concellos. Levar as informacións, as atencións, non soamente os servizos de Xestión Tributaria, de Inspección Tributaria, de Recadación e de Xestión Catastral, ou dos puntos de información catastral, senón transformar estas zonas en auténticos elementos dinámicos que fagan que achegamos ao cidadán o servizo para prestárllelo mellor e tamén ao concello a asistencia que, como veremos ao longo deste exercicio, se produce un incremento nesta partida superior ao 89%.

Seguimos garantindo para o 2008 o Plan de emprego, que se negociou cos funcionarios e o persoal laboral, este Plan de emprego, a través da promoción interna, das distintas reclasificacións e outras mellores de cara ao persoal funcionario e laboral, está nos obxectivos deste equipo de goberno provincial.

Outra característica importante, que non podo esquecerme dela, é unha das grandes novidades deste orzamento, é que unha vez feito a diagnose do plan de como temos a provincia, a través do chamado Plan estratéxico provincial, imos iniciar o que está tan de moda agora e que se chama a folla de ruta, imos iniciar as achegas económicas a distintos proxectos, coincidindo cos fondos europeos 2007-2013, onde somos receptores, a través neste caso do FEDER, dos fondos de desenvolvemento rexional, e que pronto, a partir do 2013, empezaremos a ser achegadores, temos que fixar un calendario de traballo, fixar unhas peticións moi concretas, e baseámonos, neste caso, en tres aspectos fundamentais, que son tres eixes, un é a seguridade viaria, acabamos de aprobar o convenio coa Universidade para a redacción dese proxecto, outro ambiente, concretamente destinados ás bacías, ás concas dos ríos, e un terceiro apartado referido a algo moi importante para os nosos concellos da provincia, e dirixido fundamentalmente aos menores de 20.000 habitantes, que son a campaña de aforro enerxético e a utilización das enerxías renovables. O concepto total son de 20 millóns de euros, dos que 6 achégaos directamente a deputación con fondos propios.

Non se pode esquecer, tamén a apelación ao crédito que é moderada, baixa millón e medio de euros con respecto ao exercicio 2007, e son oito millóns de euros. Así, vemos que a débeda viva diminúe preto de 2,7 millóns de euros, concretamente 2.669.674, e que a débeda acumulada sobre os ingresos liquidados representa unha franxa do 60,17%. Aquí vemos que, de acordo coas fórmulas técnicas, esa banda que está no límite tope do 110%, temos aí unha banda clarísima de 49,83, o que nos dá o que podemos dicir que a economía provincial goza de boa saúde, aínda que por suposto, todo é mellorable.

Continuaremos con algo importante como é a procura de emprego a través de distintos mecanismos, tanto de investimentos como cos fondos europeos, os fondos

Proximitas, Cronos, fundamentalmente dirixidos á inserción laboral da muller, que é a problemática do desemprego en todas as enquisas figura como aspecto importante, e que esta deputación trata de corrixir dalgunha maneira, ou de achegar o seu gran de area, porque gran a gran facemos a morea.

Cúmprese estritamente a Lei de estabilidade orzamentaria. Xa, por último, dicir que os investimentos, os programas, as transferencias, as actuacións, que acadan por parte do orzamento o 71,89% deste, quere dicir que de cada 100 euros, preto de 72 van dirixidos aos nosos cidadáns da provincia, que van ser os receptores, os últimos destinatarios, en definitiva, desta mellora dos servizos, destas subvencións, destas achegas, destes investimentos, etc.

Que reflexións poderíamos facer sobre este orzamento?, indubidablemente que se trata detrás dos números, que son moita veces fríos, detrás dos díxitos hai unha filosofía política, unha filosofía política que eu definía en nome do equipo de goberno que a deputación ten que ser obxectiva, ten que ser o concello de concellos, sen distinción de cor política, e iso este equipo de goberno teno como meta, como prisma e como obxectivo, e tamén como obxectivo a execución, a ser posible, o cen por cen, esta é a utopía, do orzamento de 2008. Preséntase en tempo e forma e non quero pasar por alto o agradecemento en nome do equipo de goberno, e espero que se una a oposición, do noso agradecemento ao traballo que realizaron os funcionarios da casa, o traballo arreo destes, que participaron todos de forma exhaustiva, dende os xefes de Servizo, xefes de Sección ata os directores dos centros, por suposto os grupos políticos coas súas achegas, a maioría delas recollidas neste orzamento deste orzamento inicial, e que indubidablemente a quen me teño que referir é á Sección de Presupostos e Estudos Económicos, da cal quero facer unha mención moi especial. Digo que se presentan en tempo e forma acompañado por todos os documentos que fan posible que esteamos aquí agora debatendo estes orzamentos. Conta cos datos orzamentarios, co informe do interventor, coa memoria da Presidencia, co informe económico-financeiro, co avance da liquidación do orzamento dos nove primeiros meses ata o 30 de setembro do corrente ano, e así como nas súas Bases de execución, que sofren distintas adaptacións ao novo Regulamento de subvencións, que vén a desenvolver a Lei de subvencións estatais que regula as subvencións xenéricas e as chamadas subvencións nominativas.

Con respecto ao calendario teño que salientar que os grupos políticos tiveron coñecemento do anteproxecto destes orzamentos o pasado 20 de novembro, houbo dúas reunións cos voceiros, cos distintos voceiros, explicación detallada deles, tivo lugar a Comisión Informativa correspondente o pasado martes, e hoxe estamos aquí no debate plenario para ver se logramos que este orzamento saia adiante, e se é posible por unanimidade de tódolos grupos.

Pasemos a dar, e non é o meu ánimo cansalos moito, algúns datos, algunhas pinceladas numéricas que moitas veces, como dicía antes, estes díxitos representan algo, que son fríos, representan algo que é conveniente especificar e aclarar.

Cales son as características deste orzamento?, empezar a dicir que ten unha contía de 197.250.000 euros, o que supón un incremento un pouco superior a 18 millóns de euros, o que equivale porcentualmente ao 10,06%.

No capítulo de ingresos teño que destacar en primeiro lugar, e así o expuxen xa na Comisión e na reunión de voceiros, a pouca autonomía orzamentaria que teñen as deputacións, máis ou menos está neste orzamento nun 15%, quere dicir que o 85% son transferencias que nos veñen dadas, ou ben do Estado, da Comunidade Autónoma en menor contía, e desde aquí este equipo de goberno demanda a participación das deputacións, neste caso a Deputación da Coruña, no Fondo de Cooperación Local, como vimos insistindo de acordo co artigo 141 do Estatuto de Autonomía.

Quero dicir que a dependencia orzamentaria é moi elevada e, sobre todo, debullando un pouquiño, polo miúdo, estes datos, vemos que os impostos directos, o imposto de rendemento das persoas físicas, que aparece por terceira vez no Orzamento provincial, foi unha novidade en 2006, máis o imposto de actividades económicas, que aquí quero facer tamén unha matización e unha crítica. No momento oportuno o imposto de actividades económicas foi suprimido, e fixemos a crítica no momento oportuno dende os bancos da oposición. Neste momento temos que facer a crítica desde o equipo de goberno porque non se satisfai a compensación económica suficiente por parte da Administración central, estas cousas hai que velas con rigor estando nun lugar ou estando noutro, e iso chámase coherencia política.

Os impostos indirectos, o IVE, as bebidas alcohólicas, os impostos de tabaco, medran un 3,47%, e as taxas e outros ingresos que aquí debatemos no pasado Pleno ordinario, e que supoñen un 3,76% del, forman unha contía de algo máis de 6,3 millóns.

O capítulo central dos ingresos, as transferencias correntes e de capital do Estado. As transferencias correntes supoñen case moi preto dos 126 millóns e a súa estrutura ten tres vertentes, a do IBI e a do IRPF, o Fondo complementario de financiamento, que é máis elevado, con 120 millóns, e a compensación do IAE ao cal non me vou referir, que xa fixen a achega crítica que merece esta supresión e esta falta de compensación.

Prodúcese un feito curioso no orzamento no capítulo de ingresos e no capítulo V, trátase dos depósitos de contas bancarias, o que se coñece presupostariamente como ingresos patrimoniais. Aquí hai un ingreso importantísimo, superior aos 10 millóns, increméntase 4,5 millóns de euros, polo aumento dos xuros, e quero adiantar, como así o fixen na Comisión e as reunións cos voceiros, que é desexo deste equipo provincial que as entregas a conta que se lle están a facer aos concellos, aos concellos que teñen delegada a súa xestión en materia tributaria, se incremente o máximo posible. Neste momento estamos en torno ao 80%, e é previsible tratar de chegar ao 85 nesas entregas a conta, facer puntualmente, xa se fixo este ano, a liquidación dos impostos de vehículos de tracción mecánica antes do final do ano, porque se recada con

anterioridade; facer a liquidación tamén na recollida de lixos do Consorcio das Mariñas, como xa se fixo; facer o que se chama a liquidación provisoria, esa paga adicional extra, que nos vén moi ben aos concellos no mes de decembro, e xa a liquidación definitiva no mes de xaneiro, aínda que o convenio que temos cos concellos márcanos a pauta do primeiro trimestre deste.

Dicir que as transferencias de capital sofren un considerable incremento, e aí teño que destacar que os 14 millóns dos fondos FEDER fan un fincapé importante no aumento desta partida orzamentaria de ingresos. E, por último, destacar os oito millóns de apelación ao crédito, que xa foi explicado debidamente ao longo da miña intervención.

Con respecto ao endebedamento, xa falamos da débeda viva, xa falamos da carga financeira, estamos neste caso sobre o 25%, estamos no 10,62, tamén cun amplo abano, queremos dicir que isto é importante de cara aos futuros exercicios. Eu falaba na Comisión dunha sentenza, dun sono do faraón de Exipto e falaba de Moisés, non era Moisés, efectivamente era José, un dos doce fillos de Jacob, que no momento das vacas gordas hai que estar atentos para cando veña o momento de vacas fracas, e hai que ter a previsión orzamentaria a tempo e ben engraxada por se xorde calquera impedimento ou calquera anormalidade.

Xa no capítulo de gastos, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, e tratarei de ser moi breve, porque teñen vostedes uns documentos aí que son ilustrativos. Dicir que a clasificación orzamentaria obedece, como non, a tres criterios que son o criterio orgánico, que é quen gasta, o criterio funcional, para que se gasta, e o criterio económico, en que se gasta. O gasto, como dicía ao longo da intervención, vai dirixido aos cidadáns da provincia, teñen vostedes este gráfico, digamos un gráfico circular, onde aparecen reflectidas as distintas achegas aos programas de Xestión de Plans, de Educación, Cultura e Deportes, de Promoción e Incentivos Económicos, e tamén teñen vostedes o diagrama de barras, que tamén é moi didáctico e moi concreto.

Eu quero destacar no capítulo de gastos, non me vou estender moito, quero destacar que na Xestión de Plans e Infraestruturas, é o capítulo importante, por iso dicía nas características deste orzamento, que as xestións de cara aos concellos son as primeiras desta deputación, con algo máis de 45 millóns, onde están o Plan enerxético provincial, o Plan de obras e servizos xa exposto aquí.

Capítulo importante, que non se me pode pasar é o relativo ao capítulo I, ao capítulo de persoal, a preto dos 800 funcionarios e persoal laboral que forman e están traballando para que esta deputación sexa dinámica, e quero agradecerlles desde aquí en nome do equipo de goberno o seu traballo e a súa dedicación. O crecemento que o marca o anteproxecto da Lei de presupostos xerais do Estado é do 2%, ao tempo do 1% da masa salarial que se incorporará ao complemento específico. Increméntanse así mesmo as dúas pagas extraordinarias, cun terzo a maiores do complemento específico, nas pagas extras de xullo e decembro, como tiñamos un terzo o ano pasado, pasan a ser

dous terzos, co cal estanse achegando as retribucións complementarias ás básicas para chegar ao momento que as pagas extraordinarias sexan o cen por cen dos ingresos mensuais.

A formación, a achega de plans de pensións, os seguros, as bolsas, axudas para compra de vivenda, os anticipos reintegrables, todo iso cunha contía de máis de dous millóns e medio de euros, fai que se continúe, que se continúe con esas promocións internas, coa reclasificación de persoal, que vai un esforzo grande, 550.000 euros, máis ou menos, e que coa negociación para o seu desenvolvemento, contaremos, por suposto, cos representantes do persoal funcionario e do persoal laboral.

Dentro do capítulo de Educación, Cultura e Deportes, temos que dicir que a deputación mira á cultura da provincia e á cultura propia tamén da entidade . Teñen vostedes aí a promoción das actividades culturais, das actividades deportivas, o esforzo de cara á Orquestra Sinfónica de Galicia, con 1.600.000 euros e xa, dentro das Infraestruturas e Conservación, que serán partidas salientadas e ampliáveis, destacar o Plan VIP con 5 millóns, o Plan de conservación de estradas con 6 millóns e medio, as expropiacións con 3.100.000 e o Plan de travesías con 2 millóns.

Non podemos deixar sen referirnos á Promoción e Incentivos económicos, onde os GRUMIR reciben a súa subvención, os parques de bombeiros que se van a comarcalizar os de Santiago, A Coruña e Ferrol, o de Santiago está iniciado, estase pendente de asinar o convenio por parte da Presidencia cos afectados, así como a subscripción do gasto corrente do resto do Consorcio de bombeiros, son facetas importantes. Igualmente os proxectos de turismo, con algo máis de dous millóns de euros, a promoción de limpeza de praias, que se incrementa un pouco dada a demanda dos concellos, tamén significa un millón de euros.

E así, proxectos de arquitectura, o incremento de partidas en Servizos Sociais, que como dicía que cuantitativamente son pequenos, cualitativamente significan un avance grande no que creo que todos debemos de estar de acordo. Unha aposta firme e decidida polo Servizo de Asistencia a Municipios, cun incremento do 89,37% e o desexo de que isto se traslade decididamente con máis enerxía, se cabe, e con máis aposta polos concellos da provincia.

E xa vou concluír, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, este Orzamento onde de cada 100 euros, 71,9 van dirixidos a investimentos, a programas, a transferencias, entendemos este equipo de goberno que é realista, que é solidario, que incrementa a modernización dos servizos, que é modernización dos servizos e que mira ao futuro coa posta en marcha xa con números, con economías, do Plan estratéxico provincial, que foi unha cousa de colaboración dos tres grupos desta Cámara, e que profunda na asistencia técnica, xurídica e económica aos concellos, en resumo, que se orienta de forma práctica ao servizo da provincia e dos seus cidadáns, inspirado na obxectividade, na cooperación e na solidariedade, e para o cal pido o voto favorable das compoñentes desta Cámara. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Moi bos días a todos e a todas. Correspóndeme a min como voceira facer hoxe aquí nesta sesión plenaria unha valoración da documentación correspondente ao expediente dos orzamentos desta deputación para o próximo exercicio 2008 en representación do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego, un dos grupos que dá tamén sostén ao actual goberno provincial, a un goberno que presenta hoxe uns orzamentos, polo tanto, deliberados e traballados a dúas bandas, pero conxuntamente, a un goberno que hoxe fai confluír aquí nestes orzamentos para o 2008, ideas e políticas de dous grupos políticos distintos, pero que, en exercicio da súa responsabilidade, fan unha vez máis unha aposta común e plasman no documento político económico que agora debatemos, as liñas básicas do que, en consecuencia, orzamentaria e tamén politicamente vai ser este primeiro ano completo de mandato.

A miña intervención, Sr. Presidente, xa non se deterá polo miúdo, tan polo miúdo, en cada un dos apartados ou cada unha das partidas, porque este traballo foi xa exposto exhaustiva e pormenorizadamente na intervención do Sr. Presidente da área de Economía.

Polo tanto, entro xa no fondo da cuestión, non sen antes deixar constancia publicamente do noso recoñecemento e agradecemento a todo o persoal desta casa, que interveu no longo proceso de elaboración desta documentación. Un traballo non sempre grato e un esforzo importante para que podamos estar hoxe en tempo e forma debatendo estes orzamentos, e subliño o de tempo e forma porque todas e todos os presentes formamos parte de corporacións municipais e todos e todas sabemos da non pouca complicación que supón presentar en prazo os orzamentos, e tamén todas e todos sabemos do moito que se agradece telos con antelación para o seu estudo e aprobación nos prazos recollidos na normativa vixente.

Se o BNG tivese que cualificar cunha soa palabra estes orzamentos, definiríao, sen dúbida, de sólidos, sólidos non quere dicir mellores, nin peores, nin bos, nin malos, sólidos quere dicir que conteñen todos os elementos necesarios para atender dunha forma importante as competencias fundamentais dun organismo provincial. Supoñen en termos absolutos un incremento de máis de 18 millóns de euros, o 10,06% con respecto ao ano 2007, e contemplan para investimentos e programas a desenvolver preto de 142 millóns de euros, o 72%, nin máis nin menos, do total do orzamento. E sobre todo considerámoslos sólidos porque se basean no que imos denominar como tres colaboracións sólidas desta deputación.

Primeira, a columna vertebral destes orzamentos é, en coherencia coas competencias básicas e fundamentais dunha Deputación provincial, a maior colaboración e apoio aos 94 concellos da provincia. Os plans provinciais ascenden a máis de 52 millóns de euros, que sen dúbida van supoñer un número importante de obras, con seguridade todas moi necesarias, a realizar en todos os concellos, a partir do

Plan de investimento de vías provinciais e travesías, con dous millóns de euros, pasando polo Plan de conservación de vías provinciais, con cinco millóns de euros, ata o Plan de obras e servizos, o POS, con 23.200.000 euros, e un aumento respecto do ano 2007 de 600.000 euros, ou por exemplo, a previsión de 20 millóns de euros para os programas de desenvolvemento local con achega de fondos europeos desde onde se poderán acometer actuacións tan relevantes e necesarias como a eficiencia enerxética dos servizos públicos de titularidade municipal, a mellora da seguridade viaria nas estradas e a recuperación ambiental e aproveitamento dos ríos da provincia, todas elas extraídas das indicacións e conclusións do Plan estratéxico provincial, no que se recolle un rigoroso estudo das necesidades máis importantes dos concellos da provincia, pero a colaboración cos concellos tamén se traduce nestes orzamentos no claro incremento que vén experimentando nos últimos anos a área de asistencia a municipios, pasando de 446.000 euros a 2.245.000 euros a partir do ano 2.003 ata o ano 2008, e que se incrementa, só con respecto ao ano 2007 en 1.059.500 euros, é dicir, case un 90% respecto do ano anterior.

E aquí quero remarcar dúas actuacións nas que a deputación vai poñer especial énfase, por un lado continuarase contribuíndo á modernización da administración local a través dos sistemas de novas tecnoloxías. Por outro, iniciarase unha paulatina e progresiva descentralización de competencias e servizos provinciais para as comarcas, tomando como punto de referencia a localización dalgunha das actuais oficinas de recadación, e aproximando, e este é o obxectivo fundamental, cada vez máis os servizos ao cidadán.

O segundo eixe sobre o que xiran estes orzamentos é, tamén respondendo a unha filosofía política clara, a estreita colaboración coa administración autonómica, é dicir, co goberno galego, que ten tradución numérica en múltiples e diversos apartados deste documento, e que como exemplo só citarei os seguintes: os plans e consorcios de fomento do turismo, que pretenden poñer en valor os recursos e potencialidades extraordinarias de distintas zonas da provincia, dende a Costa da Morte ata Portodemouros, dende A Barbanza ou Muros-Noia ata Ferrol, Eume ou Ortegal. Hai tamén unha colaboración clara dirixida a destinar recursos económicos para camiñar de cara á erradicación, ou cando menos para paliar un mal endémico nacional, a loita contra a lume, ao que a través do Consorcio Provincial contra Incendios, se destinan máis de 3.400.000 euros.

Tamén desde esta deputación seguirá medrando o compromiso coa nosa lingua, e colaborarase coa Xunta destinando 60.000 euros ao Consorcio de Normalización Lingüística. Neste punto quero indicar, ademais, o esforzo da propia Deputación neste ano xa actual 2007, en algo que nós particularmente consideramos tan prioritario como a normalización da nosa lingua. Neste ano 2007, insisto, se atenderon todas as solicitudes de apoio aos Servizos de Normalización Lingüística que se presentaron por parte dos concellos, e pasouse de atender a 24 concellos a un total de 52, cunha achega provincial superior aos 500.000 euros.

Outra liña de colaboración coa Administración Autonómica ábrese coa achega de 365.000 euros para a reforma, dotación e equipamento da ludoteca do Fogar Infantil de Ferrol, e outra contribución salientable e nova nesa actuación conxunta entre as dúas administracións, supón a achega doutros 500.000 euros para comezar unha experiencia que, se os resultados desta así o aconsellan, continuarase noutros exercicios. Trátase da implementación de 500.000 euros para a implantación de escolas infantís nos parques empresariais da provincia, sumándonos tamén desde esta deputación, e desta forma, á revolución tranquila iniciada pola Xunta de Galicia e a súa Vicepresidencia en materia de benestar social.

Terceiro, o terceiro pilar, ou base principal destes orzamentos, constitúeno, como non, a colaboración desta institución co desenvolvemento do tecido asociativo dos 94 concellos da provincia, un aspecto que, non por situalo en terceiro lugar dentro das tres liñas vermellas das previsións orzamentarias, é menos importante que os anteriores, aquí tamén os números imbuense dunhas políticas claras de fomento do asociacionismo, de impulso á participación cidadá e de impulso imprescindible para centos de iniciativas que, doutra forma, non se poderían efectivizar. Falo, por exemplo, de transferencias para políticas de igualdade de xénero, dotada este ano, -evidentemente estou falando de entidades-, con 200.000 euros; iniciativa social, case con dous millóns de euros, chegando así a entidades imprescindibles que palían os déficits que neste ámbito aínda hoxe non cobre a propia administración. Falo, por exemplo, de máis de seis millóns de euros para apoio de actividades culturais e deportivas, un verdadeiro investimento, que non gasto, na promoción de todo tipo de actividades culturais que, unha sumada a outra, dá un resultado de miles de iniciativas que manteñen viva a cultura e as tradicións do noso país, un verdadeiro investimento, tamén en futuro coa promoción do deporte e da vida saudable entres os nosos nenos e os nosos mozos e mozas. Falo, como non, da promoción económica e da colaboración ao desenvolvemento dos nosos sectores produtivos, os sectores pesqueiro e agrario, con preto de 1.800.000 euros de dotación orzamentaria, ou do fomento do tecido asociativo industrial con preto de 900.000 euros.

En definitiva, tres colaboracións sólidas, tal e como as chamei ao principio, que teñen como principal liña de traballo e como obxectivo fundamental, o conseguir cada vez maior igualdade entre os concellos da provincia, e tamén maior igualdade entre os cidadáns e cidadás dos distintos concellos da provincia. Pero todo iso cunha mira moito máis alta aínda, que é a de contribuír na parte que nos toca a deseñar un modelo integral de país onde todos e todas achegamos e recibamos en proporción ás nosas necesidades.

Por último, Sr. Presidente, se mo permite, non quero que o esbozo destes tres eixes fundamentais do orzamento para o 2008 me impidan, sequera cando menos, enunciar outros dúas cuestións que nós consideramos, canto menos, remarcables.

Primeiro, o gasto corrente. É certo que aumenta 3.154.994,40 euros, un 9,39% respecto ao ano 2007. É certo tamén que este é un indicador tan útil como interpretable,

dependendo do prisma co que se mire. Neste sentido dicir que o seu aumento non supón nin arbitrariedade, nin descontrol, nin falta de previsión, é un capítulo que, entre outras, recolle unha partida de 6 millóns e medio de euros para mantemento de estradas provinciais e, desde logo, tamén recolle un bo número de partidas, teléfono, correo, subministracións, auga, electricidade, sen as que, non só o funcionamento desta institución sería imposible, senón que a propia existencia doutras dependencias, por exemplo, educativas ou sociais, que pertencen tamén á deputación, estarían en serio risco de desaparición.

Doutra banda, quizais cabe matizar tamén dentro do apartado do gasto corrente, que moitos dos gastos correntes de hoxe proceden de investimentos de exercicios anteriores: parques de bombeiros, infraestruturas culturais, turísticas, etc. e que moitos investimentos que se prevén neste orzamento producirán tamén gasto corrente no futuro.

E xa a última das cuestións, por fin, as subvencións nominativas. Partindo da base de que este apartado do orzamento é mellorable, cabe clarificar que nese camiño estamos, de 10.024.000 euros no 2007, pasamos en 2008 a 7.400.000 euros, é dicir que hai preto de 2.600.000 euros menos neste apartado. Ademais desta redución estanse dando outros pasos importantes neste punto, por exemplo: modificación nas bases de execución co obxecto de garantir a aplicación da lexislación vixente en materia de subvencións e a prol dunha absoluta transparencia neste tema. Doutra banda, un bo número delas, desas subvencións nominativas, responden claramente ao interese público, tamén determinado na lei para a súa concesión, e teñen difícil ou imposible encadramento dentro das convocatorias xerais, achegas á FEMP e á FEGAMP, á UNED, obras e equipamentos para distintos museos municipais, programa da Orquestra Sinfónica de Galicia, cursos de verán da Universidade, distintas actividades das Academias de Belas Artes, de Medicina, de Ciencias, gastos da Escola Universitaria de Relacións Laborais, actuacións de formación e promoción de emprego no Consello Galego de Cámaras de Comercio ou da Confederación de Empresarios da Comarca de Ferrol, mantemento da casa de acollida da Asociación Antisida, o proxecto de voluntariado europeo ou o Centro de Alzheimer da Fundación AFACO, etc.

En definitiva, se se obvia que todas e cada unha das subvencións nominativas están suxeitas aos controis fiscalizadores establecidos, ou se se pon o acento no número ou no seu importe total, pode confundir, ou non deixar ver, que a inmensa maioría delas van destinadas a cuestións como as que acabo de citar e que, evidentemente, serían apoiadas por unanimidade polo conxunto da cidadanía da provincia.

Finalizo por fin, Sr. Presidente, reiterando a definición de sólidos para estes orzamentos provinciais para o 2008, elaborados polos dous grupos que conforman o goberno desta Deputación. Moitas grazas, Sres. e Sras. Deputadas, moitas grazas Sr. Presidente.

Sr. García Gorostizu

Grazas, Sr. Presidente, bos días, Sras. e Sres. deputados. Tenme que permitir que con carácter previo a esta intervención, que centra o debate político da institución para o próximo exercicio, si poña de manifesto algo que dixo tanto o Sr. Lagares como a Sra. Pérez, relacionado co tempo e forma con que os orzamentos aquí se debaten, e que permitirán que entren en vigor o 1 de xaneiro. Teríanos gustado, e aínda que podemos entender as causas desde aquela primeira reunión o 20, que ese mesmo día este grupo político puidese dispoñer de toda a documentación que nos permitise a partir do 20 ter estudado o seu conxunto que, como todos vostedes, Sras. e Sres. deputados saben, comprende unha grande complexidade. Repito que se nos reiterou, porque ás condicións políticas e pedagóxicas do Sr. Lagares se lle une, por suposto, a súa boa educación, desculpas, e queremos que ese tempo e forma deste debate que permite o 1 de xaneiro, nestas primeiras reunións que poidan entregarse aos voceiros se poida tamén entregar o maior groso da documentación que conforma o orzamento.

E dito o anterior, é certo e sumámonos dende o noso grupo ao recoñecemento do traballo que todo o persoal desta casa, de todos os servizos, estiveron facendo, especialmente sinalouno o Sr. Lagares, a unidade de Estudos e Presupostos. Felicítámoslles porque sabemos sobre todo no treito final as dificultades, e iso evidentemente é unha cuestión que planificando cando este equipo de goberno non tome posesión como tomou consecuencia dunhas eleccións, no próximo exercicio 2009 non teremos estes obstáculos o noso propio grupo para o estudo detido deste.

E eu, Sr. Presidente, certamente, durante a intervención, primeiro do Sr. Lagares, despois da Sra. Pérez, e a medida que se ían complementando e debullando as características deste orzamento, acordábame desa frase coñecida de Voltaire, que hai que desconfiar do que se entende con absoluta claridade, tanto como do que non se entende, e está tan claro todo, está tan magnificamente explicado que de non ter presente este aviso corriamos o risco de que todos realmente nos convencésemos tamén nós, cando as cousas na súa complexidade, e vostedes, Sr. Presidente, señorías, enténdeno, non son tan claras como nolas expuxeron. Eu creo que hai que desconfiar, pero unha desconfianza obriga a un labor de análise, de estudo, de atención de todos os distintos documentos que conforman o orzamento, de aí a mención anterior a poder ter ese tempo, ese pouso, que permita realmente coñecer con exactitude, por que?, porque dese estudo, desa atención pode xurdir unha crítica que, desde logo, no noso caso, non sei se chegará a ser construtiva, pero si desde logo entendo que non quere desentenderse da complexidade de toda a realidade e moi especialmente da realidade política. Eu queredría, e o noso grupo queredría, afastarnos desa crítica que xorde da simplicidade, e que explica por que moitas veces ao político se nos asocia coa incompetencia, porque unha crítica así, téñano claro, nunca chegará a poderse facer cargo do dinamismo e complexidade dos asuntos políticos, e tampouco da complexidade das materias que se interrelacionan nos orzamentos da feputación, e sobre todo, señorías, porque é esta a primeira vez que tomo a palabra nun debate desta natureza, e que non se trata de esgotar no ano 2007 de cara ao orzamento de 2008 todo o que un vai aprender, todo o que un pode subministrar, e todos os obxectivos que nos

podemos fixar hoxe aquí, e que teremos tempo para poder ir vendo en que medida se van cumprindo, non sei se o conseguirei, pero desa crítica simplista, como de utilizar os orzamentos como un arma política arroxadiza, o noso grupo vai fuxir, porque sempre é mellor seguir o adagio de poñer ás palabras o selo do silencio e ás do silencio a oportunidade. E nese aspecto, si quería cinxirme como a un pequeno esquema que me propuxen, para que incluso a intervención puidese ser oportuna e pertinente.

Por iso en primeiro lugar creo que é necesario, aínda que aquí xa se sinalou por parte dos dous portavoces, pero si creo que debemos de enmarcar estes orzamentos na actual conxuntura política estatal, e moi especialmente tamén autonómica en materia de Administración local e, por suposto, en materia de deputacións, e non facelo por capricho, senón porque é como se poden avaliar os ingresos que rexistran estes orzamentos procedentes da participación de tributos do Estado, e como non, tamén da Comunidade Autónoma, e ademais porque na medida que as deputacións provinciais gocen de boa saúde política, tanto mellor para conseguir máis competencias, sobre todo na prestación de servizos públicos supramunicipais e, en consecuencia, tamén maior financiamento. E unha vez finalizada esa parte, si analizaremos o gasto, contido dos orzamentos, a súa estrutura entre operacións correntes e de capital, e dentro destas últimas, a súa prioridade e a súa materialidade, o seu grao de execución.

Mire, o contexto, e non nos podemos enganar nin podemos mirar cara outro lado, existe unha incerteza sobre o futuro das deputacións, sobre o papel, sobre todo, e isto é moi importante, que desempeñarán unha vez que se concrete o como se organiza e como se artella a supramunicipalidade en Galicia, pero unha supramunicipalidade, non podemos esquecerlo, á que a lexislación estatal básica lle atribúe ás deputacións competencias para a prestación de servizos públicos e cuxa concreción debe vir dada, ben pola lexislación sectorial do Estado ou da comunidade Autónoma, ou por acordo voluntario por estas últimas, como, Sra. Pérez, aconteceu no caso do Consorcio que vostede citaba de extinción de incendios. Cooperando cos concellos, a deputación debe continuar garantindo principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal no marco da política económica e social e, por suposto, tendo claros os obxectivos que dixeran os portavoces do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista, cooperando cos concellos, prestando asistencia técnica, xurídica e económica, pero tamén, e isto é importante sinalalo neste debate de orzamentos, xestionando servizos públicos de carácter supramunicipal. Nese aspecto é polo que se deben fixar posicións claras neste punto, e nese aspecto temos que fixalo o Grupo Popular que nos atopamos, é certo, e díxose, cun orzamento de 197 millóns de euros.

O Sr. Lagares e a Sra. Pérez dixérono, rexistra un crecemento dun 10%, 18 millóns de euros, e a primeira cuestión neste aspecto é dobre, analizar se o estado de ingresos está avaliado sobre bases reais, e por outro, valorar se resultan suficientes para dar cumprimento ás fins da deputación, se eses ingresos son suficientes para atender as necesidades da provincia. Á primeira cuestión, o noso grupo non mostra ningunha desconfianza, e permítame que nos sumemos a que a estrutura dos ingresos, tal e como

están reflectidos, reviste solidez, e que as magnitudes son magnitudes que denotan unha saúde financeira. Nesta dimensión estamos convencidos, e fíxese Sra. Pérez, que a valoración de ingresos é real e tiña escrito eu, ten solidez. Si pode existir, é certo, Sr. Presidente, un factor de incerteza, proveniente na provisión de ingresos do fondo FEDER, dentro do marco estratéxico nacional de referencia e que pode afectar á previsión de ingresos de 14 millóns de euros proveniente do FEDER para o programa de desenvolvemento local e urbano que, como aquí se dixo, é un dos eixes prioritarios do FEDER e sobre o que se artellan tres programas en desenvolvemento do Plan estratéxico provincial. Por que introducimos este factor de incerteza, que é bo telo presente?, porque a diferenza do vello POL, cuxa achega do FEDER está garantida e ademais no seu financiamento tamén participaba o Ministerio de Administracións Públicas, este novo marco estratéxico aprobado para España o 7 de maio de 2007, e dentro do que se enmarca o Programa de desenvolvemento local e urbano, o financiamento FEDER asignarase baixo os principios de concorrència competitiva, é dicir, que dependerá dos propios proxectos e da súa defensa diante do Estado, e moi especialmente en Bruxelas, o financiamento último, pero aínda existindo este factor de incerteza, desexamos que se acaden os 14 millóns presupostados provenientes do FEDER, e que por tanto se rexistre realmente, como así se desprende, un incremento, se así fose, de 3.126.630 euros con relación ao que subministraba FEDER no orzamento do 2007.

E á marxe, Sr. Presidente, deste factor de incerteza, pero para cuxa materialización óptima, que saiba o grupo de goberno que conta e contará co apoio deste grupo provincial e, polo tanto, repito, e é de destacar, redúcese a apelación ao crédito para financiar unha parte da achega da Deputación ao POS, pasando de 9 millóns e medio a 8 millóns en 2008. Por iso, son cuestións que, diante da desconfianza inicial, prodúcennos confianza, e son decisións que se toman en clave interna, na marxe de factores externos que, ao noso entender, si condicionan e limitan os ingresos da deputación, e por iso resulta obrigado tomar postura sobre tres aspectos substanciais da estrutura do orzamento de ingresos, e que poden concretarse no comportamento desigual dos ingresos provenientes da Administración Central do Estado, á constatación da exclusión das deputacións no Fondo Galego de Cooperación Local e á diminución das transferencias correntes e de capital da Comunidade Autónoma. Primeiro punto, comportamento desigual dos ingresos provenientes da Administración Xeral do Estado, díxoo o Sr. Lagares, e eu felicítooo pola súa coherencia, e nese aspecto si temos que dicir que a consecuencia directa do Fondo Complementario de financiamento nace dunha lexislación, a Lei 62/2003 que foi unha iniciativa dun goberno popular, e que ten esa vantaxe, que en momentos de ciclo económico expansivo, a maior recadación do Estado repercute positivamente dentro desa dependencia presupostaria e insuficiencia de autonomía, repercute positivamente tamén na deputación, e ten o risco de que se ese ciclo económico, e esa recadación diminúe, poden diminuír tamén os ingresos, de aí que valoremos a solidez no que se refire a non apelar ao crédito, senón telo reducido. Pero o resto, se neste aspecto si hai un incremento importante que vostede sinalou, e que está avaliado, como dixen na Comisión, de forma prudente, no resto, desgrazadamente, redúcese, e redúcese porque por circunstancias externas a esta

deputación, o papel do financiamento da administración local e tamén das deputacións non estivo presente na axenda do Estado.

E se isto é predicable aos ingresos provenientes do Estado, pois hai dúas cuestións que si nos preocupan, e diante das cales non é suficiente mostrar boas palabras, senón políticas moi concretas. Fondo Galego de Cooperación Local e diminución das transferencias correntes e de capital da Comunidade Autónoma, sinalouno aquí a voceira socialista, e consta tamén na memoria da Presidencia, e iso ao noso grupo dálle confianza, confianza que se diga claramente que é un obxectivo, para o que contan con todo o noso apoio, conseguir despois dos anos de constitución deste fondo, que as deputacións poidan formar parte dela.

Diminución de transferencias correntes e de capital da Comunidade Autónoma, aquí é onde realmente o noso grupo aparecen síntomas claros de que as cousas poden empeorar, porque si se rexistra unha diminución das transferencias correntes e de capital provenientes da Comunidade Autónoma, e sei, Sr. Lagares, que está tomando nota, que son magnitudes menores, pero son un síntoma de que por ese camiño as cousas non van ben, porque repito, é unha das cuestións que máis poden desconcertar o sentido común, porque no ano 2007 as transferencias correntes ascenderon a 657.335 euros, da Xunta de Galicia á Deputación, e este ano o incremento é de 8.097 euros ao Puga Ramón, ese é o incremento. Pero é que nas transferencias de capital, os 941.667 euros do 2007 redúcense a 326.667, iso non é, Sr. Presidente, señorías, Sra. Pérez, o camiño que debe ter as relacións de cooperación entre a Xunta de Galicia e a Deputación, ese non é o camiño, e preocupáanos que nesa conxuntura política en que se están artellando e organizando a supramunicipalidade e definindo as funcións das deputacións nela, se poida rexistrar un retroceso en materia de transferencias da Comunidade Autónoma á Deputación. E permítanme, porque case é obrigado que me saia do esquema que lles dixen, e aínda que esteamos falando de ingresos, introduza neste contexto un aspecto do capítulo de gastos, pero que está moi relacionado con esta percepción que este voceiro e o noso grupo transmite de que as cousas non van por bo camiño.

Mire, no orzamento de 2008, neste orzamento diminúen ao redor de 500.000 euros os programas dirixidos aos concellos, e en 300.000 os dirixidos a institucións sen ánimo de lucro, iso non é desexable, pero claro, que é o que o agrava?, agrávaeo que aumenta a dotación para a Comunidade Autónoma en 750.000 euros, consecuencia dos dous convenios, un dos cales se nos dixo, sendo importante este, pero o financiamento vai en detrimento, ou pode ir en detrimento, das subvencións e as transferencias de capital aos concellos, é dicir, que non é que se rexistre só unha diminución, repito, de magnitudes pequenas, pero sintomáticas como dixo o Sr. Lagares, aspectos cualitativos, non só hai a diminución, senón que incluso hai unha achega, e nós entendemos que non é ese o camiño porque, desde logo, pode establecerse que esa diminución de transferencias da deputación a concellos e institucións sen ánimo de lucro ten que ver na medida que estamos trasladando fondos a financiar programas necesarios á propia Xunta de Galicia cando neste caso concreto, neste caso concreto. Mire, con toda

claridade, entendemos que non é ese o camiño, e non é este o momento tampouco para falar, ao noso grupo, postos a falar destas cuestións de cooperación en materia de servizos sociais si nos gustaría que a decisión que se tomou no momento oportuno cando se institucionalizou o Consorcio Galego de Servizos Sociais, tamén estivesen as deputacións provinciais, primeiro porque teñen competencia en servizos sociais, segundo porque as prestan magnificamente, terceiro porque esta deputación conta cunha rede de equipamento de servizos sociais que xustifica plenamente o que estamos dicindo se realmente se quere ter claro o camiño que se quere percorrer e o papel que a deputación debe de xogar na supramunicipalidade en Galicia. E, polo tanto, nese aspecto, repito, gustaríanos que estas cooperación non fosen de transferencias de aquí a alí, senón de alí á aquí, que é o camiño que hai que seguir, aínda que ao final as políticas é quen toma as decisións e como se representa a autonomía e a independencia das propias institucións.

Creo que se ten unha débeda con esta deputación e tense a obriga de transferirnos e acadar estes obxectivos que dixeran. O noso grupo, Sr. Presidente, señorías, está, e colaborará sempre para conseguir investir unha tendencia que en magnitudes non repercute no orzamento, pero marca camiños que non nos gusta percorrer.

E xa, case, case, repito, sen darme conta, estou chegando ao capítulo de gastos. Pois é verdade, todos os orzamentos, todo o conxunto de gastos que hai é algo que a nada se lle pode poñer un reproche, si, evidentemente, a prioridade, e dous, a súa materialidade, o seu grao de execución. Entón, permítanme que faga como unha disección entre as operacións correntes e de capital. E eu pódolle dicir, Sr. Lagares e Sra. Pérez, que é certo, nas operacións correntes 2007-2008 prodúcese un descenso de punto e medio entre o orzamento de vostedes, existe ese descenso, é dicir, pasamos dun 55,37 do ano 2007 a un 53,84 en 2008 porque, aínda que hai un crecemento bruto de 5.972.000 euros, dado o crecemento do orzamento en 18 millóns, prodúcese e constátase ese descenso de punto e medio, pero ben, permítanme que ese 53,84 deste orzamento austero e contido, está aínda lonxe en seis puntos por riba do último orzamento aprobado por un goberno do Partido Popular no 2003, que representaba un 47,83% con 69.999.649 euros. Polo tanto, hai contención, e xa o dixeran aquí, o que hoxe é investimento, mañá é mantemento, pero está claro que a noso entender esas diferenzas de seis puntos gardan relación directa con outra cuestión que é importante e que introduciu neste debate a Sra. Pérez, que garda relación coas subvencións nominativas. E é porque estruturalmente, estas subvencións nominativas están dentro do capítulo de transferencias correntes, e hai unha realidade que vostede dixo, ao producirse un descenso nestas subvencións nominativas de 10 millóns a 7 millóns, isto está supoñendo tamén que o capítulo IV, onde se enmarcan elas, pasa dun 15,14 a un 13,62, é dicir, a contención e a redución dese punto e medio garda e ten que ver con esta situación de 10 millóns de pasado exercicio fronte a 7.432.000 deste. E esa é a dirección, non temos dúbida, e non caer en tentacións, permítame que o diga, que se caeu nos últimos tres anos, porque nos últimos tres exercicios presupostarios por esta materia se presupostaba inicialmente, ou como di o Sr. Lagares, preventivamente, 21

millóns de euros, pero que tras as incorporacións presupostarias do remanente de Tesourería, ascenderon a 41.382.583, é dicir, que esa contención que se produce, se tomamos os precedentes dos tres exercicios anteriores, podemos ter o risco de que se vexan tamén multiplicadas por dous. Repito, nada que obxectar a esa redución de 2.591.584 no orzamento de subvencións nominativas, pero si evitar caer na tentación en que se caeu nestes tres últimos anos.

E nós non imos cuestionar aos seus beneficiarios, pero si creo, e díxeno no anterior Pleno, que debía de alcanzarse un acordo sobre a porcentaxe de discrecionalidade que leva en moitas ocasións aparelladas as subvencións nominativas, digo discrecionalidade, que non arbitrariedade, porque a este deputado cónstalle que na súa posterior xestión estas subvencións, baseadas no interese público, evidentemente preside a súa concesión, pero si hai que acadar un acordo.

E dito o anterior, unhas consideracións sobre algunhas destas subvencións, ben polo seu importe, ou pola súa dimensión cualitativa, entón nese aspecto. Díxose que financiamos á Orquestra Sinfónica de Galicia, pois si, e non vou eu dicir que non, pero teño aquí á miña beira a unha deputada que me dicía “home, é que 1.600.000 e a de Melide, que son todos rapaces da comarca, que responde a unha política de aposta, só 60.000”, pois mire vostede, hai que ver realmente as magnitudes, e hai que ver se realmente as contraprestacións que se poden estar recibindo como achega que facemos a deputación a isto, son realmente suficientes ou hai que potenciar máis, tanto actuacións da Orquestra como potenciar moito máis estes plans municipais de visitas intensificándoos aos propios museos e equipamentos que dispón a cidade da Coruña. Creo, e permítame que o diga, sorprendeunos que un concello que goza dunha gran potencia financeira, como é o da capital da provincia, que tamén a deputación teña que transferir en subvención nominativa 300.000 euros para actividades culturais, pois sorprendeunos e dóenos, por que nos doe? Porque o programa destinado a financiar os programas culturais á provincia descende de 1.365.000 euros en 2007 a 1.065.000, e eu non teño nada en contra desa achega, pero o que non podemos é que, o que pode recibir a capital da provincia vaia en detrimento do resto da provincia. E pedímoslle nese aspecto, Sr. Presidente, que se isto é así, e se eu non estou equivocado, que na incorporación de remanentes poida ampliarse neses 300.000 euros a partida que baixa de 1.365.000 euros do 2007 a 1.065.000 en 2008.

E finalizo tratando as operacións de capital. Investimentos e transferencias de capital que, sen ningunha dúbida, máis contribúen a lexitimar, ou deslexitimar diante dos concellos e diante dos cidadáns esta institución, e con realismo, díxose aquí, no conxunto dos dous capítulos, capítulo VI e capítulo VII, rexistran un crecemento de 1,22, e os investimentos ascenden, con relación ao pasado exercicio en 13.889.000, as transferencias de capital, que é a outra cara da moeda, diminúen en 4.634.755. Entón, nese aspecto é a pregunta que se facía, esa situación é igual, mellor ou peor que a do pasado exercicio?, pois depende, en si mesma, estruturalmente, é mellor, en relación co que podería ser de ser outro o financiamento da comunidade Autónoma ou do Estado, pois cremos que se pode mellorar e que ese é o camiño, sinalámolo nesa intervención, e

cando se fala de investimentos, cando se fala de programas e cando, ademais, tense como teñen vostedes a responsabilidade de gobernar, un sempre se dá conta que a política é unha actividade que está permanentemente en contacto para unha especial habilidade para convivir coa decepción, porque non todo o que se necesita se pode acometer, de aí a priorización destes investimentos.

A actividade política que está moi preto do continxente, e moi planificando e acostumado a decepcionarse por non poder acometer todo desde esa aprendizaxe, si hai no aspecto dos investimentos un orzamento total de 41.608.478, que se detalla como en dúas partes, que creo que merecen unha reflexión. Aquí díxose, Plan estratéxico da provincia, que é un moi bo documento, que permitiría dotar de maior competitividade espacial á nosa provincia. Dentro destes 41 millóns, os 20 millóns FEDER, 6 de achega a deputación, 14 dicimos factor de incerteza, dicimos imos acadar eses 14 millóns, pero o que está claro é que, non como consecuencia de nada imputable a esta deputación, pero si como consecuencia da ampliación da Unión, vai ser difícil que no ano 2008 poidamos estar executando isto, pero o que si queremos, e brindámonos a iso, que os tres programas sobre os que xa se está traballando, e que a min me pode constar que se vai por diante con relación a outras deputacións na súa elaboración, poida ser rematado canto antes, definidos da mellor forma posible os obxectivos, porque é desa maneira, aínda que pode haber unha demora na operatividade do sistema, que nos acheguemos ao maior porcentaxe de financiamento dos fondos FEDER. E nese aspecto, e xa remato, creo que imos polo camiño sinalado e que, señorías, a materialidade dos investimentos, de nada nos vale facer unha priorización, un esforzo, se despois os niveis de execución presupostaria non acadan o que unha institución desta natureza debe de ofrecer aos propios concellos. Nese sentido, e díxoo o Sr. Lagares, a materialidade, a execución do orzamento, creo que debe de centrar o obxectivo dos próximos exercicios.

Vostedes saben, e lembran mellor ca min que o pasado exercicio era de 179 millóns, pero que cando incorporamos as remanentes de Tesourería, acadou a cifra de 375 millóns, e isto, se o comparamos a 30 de setembro na liquidación provisional de 2007, temémonos que se pode mellorar uns puntos, pero que vai producir tamén unha importante incorporación de remanentes de Tesourería.

Eu creo, e vou terminar, que se viu claramente cal é o posicionamento do noso grupo, cremos que o esforzo e a solidez que ofrecen no que se refire a magnitudes que dependen de nós non pode facer votar que non a este orzamento, e tamén nos damos conta que existen situacións neste, ou peaxes na sombra, que hai que pagar, que non nos gusta, e iso é o que xustifica, presidente, a nosa abstención neste punto.

Sr. Lagares Pérez

Vou empezar facendo alusión á intervención da compañeira de goberno e voceira do grupo nacionalista. Quero agradecer, como non, a súa intervención ao falar de goberno sólido, indubidablemente esta coalición de goberno tamén goza de moi boa

saúde. Debullo vostede unha serie de temas que eu pasei por riba deles, como o referido ao gasto corrente, como o referido ás subvencións nominativas, que xa expuxo debidamente e que eu asumo, ou asumimos, por completo.

Con respecto á intervención da voceira do Partido Popular tamén agradecer e felicitar a súa intervención, que non dubido en ningún momento que a crítica non sexa construtiva, dubido que non é así, que é construtiva, e agradezo o seu voto de abstención. Eu comentáballe ao Sr. Presidente antes de comezar esta sesión que ía ser difícil votar en contra destes orzamentos, son uns orzamentos que cremos que con determinadas lagoas que vostede manifestou e que eu brevemente lle vou rebater algún punto, teño que dicirlle, e empezo polo final, que é evidente que estes non son exercicios pechados, son exercicios iniciais, que a incorporación de remanentes ten que dar de si unha serie de vantaxes, unha serie de investimentos, unha serie de complementos de determinadas partidas que neste momento, digamos, quedan un pouco coxas.

Teño que dicir tamén ao respecto, e fixo a súa intervención no Capítulo de Ingresos da pouca dispoñibilidade de economías da Comunidade Autónoma con relación á Deputación provincial. Ben, sobre este aspecto teño que dicirlle que na miña intervención xa fixen alusión á participación no Fondo de Cooperación Local, e non só eu, senón recentemente o propio presidente na súa comparecencia no Parlamento de Galicia para falar dos orzamentos desta institución, referíase á participación no Fondo de Cooperación Local entre outros.

E o gasto, ben, a incerteza de cara ás deputacións, e tamén coincido coa solidez, este equipo de goberno valóraa coa debida prudencia en varios aspectos, nos aspectos de colocar as transferencias correntes ou de capital, que poden incluso aumentar, coa prudencia de ir a unha breve apelación ao crédito para deixar unha banda importante por se fose necesario, por algunha urxencia, acudir a este de novo, cousa que normalmente non se produciu pero que o futuro, moitas veces, en economía, sabemos todos que é imprevisible, aí temos agora a problemática dos hidrocarburos, a problemática das fariñas e outros elementos que están ocasionando, non a nivel de España, senón a nivel de Unión Europea, do movemento en onde nos movemos, que as taxas de inflación estean disparadas polo elevado consumismo nestes dous aspectos, e algún máis que están a facer países como China ou como a India.

E o futuro das deputacións entendo que é san tamén, e que ten futuro a deputación. Os órganos locais intermedios teñen a razón de ser, non aquí en España, senón en todos os países de Europa, chámense unidades rexionais, chámense departamentos, en Francia, chámense rexións en Dinamarca, en fin, en todos os países de Europa existen órganos intermedios, aquí son as deputacións, os cabidos e os consellos insulares, e son organizacións territorialmente locais, non nos podemos esquecer diso.

Falaba tamén acerca da participación nos ingresos, -eu aquí sempre son, de verdade que o tiña anotado, pero dixen, non o vou dicir, pero teño que dicilo-, acabamos de celebrar as asembleas da FEMP e a FEGAMP, e sempre o municipalismo imos a por máis, pero miren vostedes, na Asemblea da FEMP da Coruña, lonxe queda, adoptouse un acordo de distribución do gasto público, entón sería o 50% para a Administración...

Sr. Presidente

Sr. Lagares, céntrese no orzamento, porque se nos vai contar o 50, 25, 25, dannos as tres, pero céntrese no orzamento, por favor.

Sr. Lagares Pérez

Si que me centro, Sr. Presidente, o 25% das entidades autonómicas, e o 50% da Administración central, hoxe estamos moi lonxe diso. Teño aquí os últimos datos que me pasan e son 14, 27, 59, onde estamos neste momento?, e vostede creo que dicía ben, que falta a segunda descentralización do Estado español, e a segunda descentralización ten que vir das administracións autonómicas ás entidades locais, e unha delas é a Deputación da Coruña.

Con respecto ao Capítulo VII de transferencias de capital aos concellos, prodúcese unha mingua de algo máis de 4 millóns, pero temos que facer a lectura axeitada. Existía un Plan especial no exercicio 2007, que eran os Plans de campos de fútbol de herba artificial, que supoñían algo máis de 5 millóns de euros. De momento temos a súa segunda fase, e imos ver por onde van os concellos, se aínda estes dous millóns que suplementamos, algo máis de dous millóns, no expediente de modificación de créditos de 2007, axéitanse e son suficientes para que, digamos, os concellos da provincia pídennos isto, somos capaces de outorgalo, ou hai que suplementalo a raíz da incorporación de remanentes, a raíz doutros expedientes de modificación de crédito. Así, por suposto medran considerabelmente os investimentos propios, é evidente que no Capítulo VI e VII hai un trastoque de cambios motivado por unha banda da diminución dos campos de fútbol, e por outra banda co ambicioso Plan estratéxico provincial que quero agradecer a dispoñibilidade do Grupo Popular para traballar con este equipo de goberno, e que non dubidaba que así sería.

Logo as subvencións nominativas xa se explicou, eu quero dicir que diminúen un 26,75%, que se vai cumprir escrupulosamente a Lei de subvencións, o regulamento que o desenvolve e tamén a Lei de subvencións de Galicia, que xa dixen na miña intervención que abarcaban, non as subvencións nominativas, senón as subvencións nominativas na súa totalidade.

E nada máis, eu creo que está debidamente exposto, volvo a reiterar o agradecemento, dicir que a Orquestra Sinfónica de Melide, por dicir algo, digamos, cuantitativamente, é unha entidade que, por certo, interpreta moi ben as melodías, teño a sorte de ter un DVD deles e funciona extraordinariamente ben, a Orquestra Sinfónica

de Galicia tamén funciona, un pouquiño mellor, se cabe, pero dentro das posibilidades reciben estas pretensións económicas, que son importantes e que van axudar ao desenvolvemento harmónico da provincia, a ese desenvolvemento que eu dicía ao final que temos que tratar de axilizar, de obxectivar, de cooperar solidariamente, e nesa meta está este equipo de goberno e espera a colaboración tamén da oposición. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Grazas, Sr. Presidente, tres frases. A coincidencia dos tres grupos na solidez do orzamento indica, Sr. Gorostizu, que este parece representar un bo comezo e que, sen autocomplacencias, podemos aínda melloralo, polo tanto, seguramente moitas das cuestións que vostede citou na súa intervención poden ser recollidas, e o equipo de goberno debe intentalo de cara ao futuro. A partir do noso grupo particularmente agradecemos o seu apoio a diversas cuestións concretas deste orzamento, e agradecemos, e entendemos, como non, o sentido do seu voto.

Sr. García Gorostizu

Eu creo que está todo dito, nós a idea da supramunicipalidade é moi importante, ao Sr. Presidente da deputación oílla eu na toma de posesión, e dános unha gran tranquilidade escoitalo, que diante dunha das cuestións máis importantes que nos queda por resolver, e que a deputación ten que ter un papel no transporte público no conxunto metropolitano, que a figura do Consorcio estea liderada por nós é unha idea de plasmar concretamente como unha vontade política da que dependemos, que non é só de nós, pode facer posible que eses servizos públicos de natureza supramunicipal se poidan prestar. Entón, nese aspecto, na concreción diante dos retos que ten e diante da situación de definir esta supramunicipalidade, nós cremos, como dixo o Sr. Lagares, que as deputacións teñen un papel clave, e este exemplo que puxen, no que nos consta o esforzo que está facendo o propio presidente para poder artellar un conxunto de consorcios que solucionen un problema que afecta gravemente, e aí é onde realmente as prioridades no gasto e no investimento está, repito, é un exemplo de como se poden concretar estas, digamos, competencias en branco, que a Lei de bases lles atribúe ás deputacións, onde a cooperación e a coordinación entre si acadan o *posu paradigma*, onde a asistencia económica e xurídica aos municipios tamén se pode ver claramente, pero xa no asunto de servizos públicos supramunicipais vai depender dunha vontade política daquel que ten a competencia, ou dunha lexislación sectorial, e aí é no camiño no que habendo lexislación sectorial na Comunidade Autónoma, a partir do noso grupo, o impulso para que cando se defina e concrete a supramunicipalidade, que supoñerá consolidar política e financeiramente a esta deputación, e tamén, desde logo, ofrecer con maior calidade os servizos públicos que os cidadáns merecen. Sr. Presidente, grazas pola súa amabilidade.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. Gorostizu, eu tamén quero agradecerlle a vostede o ton da súa intervención. Estamos debatendo os orzamentos da Deputación para o ano 2008, é o

debate máis importante que se vai facer durante todo o ano, e nun momento en que a crispación e a tensión é o que caracteriza á relación entre os políticos, que aquí se debate, nesta cámara, debátase o máis importante que temos para o próximo ano que é o orzamento do ano 2008, sen crispar, dicindo con educación e con elegancia incluso, todo o que se quere dicir, eu creo que é algo positivo e que eu quero poñer de manifesto. Oxalá sigamos así, dando exemplo de boa relación e dando exemplo de como debemos de comportarnos, cada un ten as súas ideas, cada un deféndelas, pero temos que defendelas con educación, con elegancia, sen crispar, sen tensionar e sen insultar. E quero dicirlle algo máis, algunhas das reflexións que vostede fixo eu compártoas profundamente, temos que mellorar a xestión da deputación, sen dúbida, temos remanentes altos, sen dúbida, non é de agora, vén de atrás, hai problemas estruturais serios que son moi difíciles de superar, uns están aquí e outros están fóra de aquí, porque temos investimentos que dependen de informes doutras administracións que tardan anos en dar informes porque temos retidos moitos millóns de euros nos bancos, pendentes de que os concellos certifiquen as obras que non certifican, e haberá que ir aos poucos mellorando, e todo no que poidan colaborar e mellorar a xestión, o equipo de goberno e a provincia agradecerallo.

E sei que vostede ten unha incerteza sobre o futuro das deputacións, eu tamén, e creo que todos, hai unha cousa que está clara, está garantida pola Constitución, independentemente de que cada un pense o que pense, mentres estean temos que facelas eficaces e eficientes, e niso debemos de colaborar todos, e comparto tamén o que dicía vostede do Fondo de Cooperación, é unha obriga legal, no artigo 142 da Constitución di que as entidades locais deben de participar nos tributos do Estado e nos tributos das Comunidades Autónomas, pero o feito de que non participemos agora non implica que haxa unha actitude de acoso por parte do goberno da Xunta á Deputación, nunca participamos, e eu persoalmente pedínlllo ao Sr. Fraga, sendo presidente, e pedínlllo ao Sr. Orza, e xamais nos fixeron caso.

E tampouco me preocupa a diminución de transferencias, dígollo tamén como elemento de información, xamais a Xunta de Galicia, o goberno de Galicia, deulle diñeiro á Deputación, nunca, dámos unha achega en transferencias correntes para o sostemento dos centros educativos e dábanos unha subvención de transferencias de capital para os Plans de dinamización turística, que se puxeron en marcha a través da catástrofe do Prestige coa Costa da Morte. A diminución deste ano con respecto ao ano 2007 é que o Plan de dinamización turística da Costa da Morte rematou, polo tanto, non hai transferencias, e iso implica que diminúan, pero en calquera caso dígolle isto, non teña vostede a sensación de que o feito de que non teñamos achegas, o feito de que non participemos no Fondo Galego de Cooperación Local non implica que este goberno queira arrombar a Deputación, o anterior, que era doutro signo, facía exactamente o mesmo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Examinado o expediente que contén o proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2008, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2008 por importe de 197.250.000,00 euros e co seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

	CAPÍTULO I	Impostos directos	14.830.150
,00	CAPÍTULO II	Impostos indirectos	13.413.950
,00	CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	6.357.450
,65	CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	125.651.324
,35	CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	10.085.055
,00		TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	170.337.930

,00

2. OPERACIÓN DE CAPITAL:

	CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0
,00	CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	18.362.070
,00		TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	18.362.070

,00

3. OPERACIÓN FINANCIERAS

	CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	550.000
,00	CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	8.000.000
,00		TOTAL OPERACIÓN FINANCIERAS	8.550.000

,00

,00

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **197.250.000**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULO:

1. OPERACIÓN CORRENTES:

		CAPÍTULO I	Gastos de persoal	36.288.589
,20		CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	36.740.540
,40		CAPÍTULO III	Gastos financeiros	5.245.598
,00		CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	27.285.487
,48		TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		105.560.215
,08		2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
		CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	41.288.478
,00		CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	35.644.600
,92		TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		76.933.078
,92		3. OPERACIÓNS FINANCEIRAS		
		CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	4.087.032
,00		CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	10.669.674
,00		TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS		14.756.706
,00		TOTAL DE ORZAMENTO XERAL		197.250.000
,00				

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos de carácter xeral	
21.421.781,03		
2	Protección civil e seguridade cidadá	
5.408.742,92		
3	Seguridade, protección e promoción social	
23.168.913,53		
4	Produción de bens públicos de carácter social	
41.606.355,31		
5	Produción de bens públicos de carácter económico	
43.235.591,00		
6	Regulación económica de carácter xeral	
13.159.494,05		
7	Regulación económica de sectores produtivos	
10.073.117,16		
9	Transferencias a Administracións públicas	
23.350.000,00		
0	Débeda pública	
15.826.005,00		
	TOTAL DO ORZAMENTO XERAL	
197.250.000,00		

2º.- Aprobar igualmente as **Bases de execución** para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto

refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.”

25.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE 2007, APROBADA INICIALMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28/09/2007.

INTERVENCIONS

Sr. Gacio Vázquez

A postura do grupo popular vai ser de abstención neste punto.

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Vistos os escritos con datas do 24/10/2007 (Rexistro de Entrada 65362), presentado por D^a CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ e D^a ISABEL M^a SOUTO ZAS; 31/10/2007 (Rexistro de Entrada 66822), presentado por D^a M^a DOLORES PITA DA VEIGA VÁZQUEZ, e 06/11/2007 (Rexistro de Entrada 68023), presentado por D^a RAQUEL MONTES GRELA e D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ SEOANE, funcionarios todos eles desta Deputación; contra a modificación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2007, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación do 28/09/2007.

Resultando que as primeiras, D^a CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ e D^a ISABEL M^a SOUTO ZAS, Subinspectoras de Tributos Locais, Servizo de Inspección Tributaria, fundamentan as súas alegacións, en síntese, en que os postos que ocupan, no

momento da súa creación (ano 1992), estaban equiparados retributivamente cos demais de Xefe de Sección e especial dedicación, e que con posterioridade nas Relacións de Postos de Traballo da Deputación non figura a tal equiparación, nin a súa configuración como de especial dedicación, solicitando a equiparación dos seus postos cos de Xefe de Sección e con especial dedicación.

Resultando que D^a M^a DOLORES PITA DA VEIGA VÁZQUEZ, Enxeñeira Técnica Agrícola, Servizo de Patrimonio e Contratación, basea a súa reclamación, tamén en síntese, en que o posto que ocupa ten as mesmas funcións facultativas dos demais postos de Enxeñería Técnica do Servizo de Infraestruturas e Conservación, polo que solicita o recoñecemento dos mesmos dereitos profesionais e económicos e se equipare retributivamente o seu posto con estes.

Resultando que D^a RAQUEL MONTES GRELA e D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ SEOANE, Axentes Tributarios, Servizo de Inspección Tributaria, fundamentan tamén as súas alegacións en que os seus postos tiñan inicialmente asignados nivel e retribucións equiparadas ás dos postos de Xefe de Negociado, Grupos B/C, e que nos anos 1999 e posteriores os niveis e retribucións destes postos foron obxecto de revisións de nivel e retributivas, e non así os postos que eles ocupan, e solicitan que se lles apliquen as ditas revisións ós seus postos. A reclamación foi presentada fóra do prazo establecido (BOP nº 240, do 17/10/2007), que finalizou o 05/11/2007.

Considerando que as reclamacións referidas teñen todas elas análoga fundamentación, cal é a de solicitar a equiparación dos niveis e das retribucións dos postos de traballo que ocupan os reclamantes, cos doutros postos que eles consideran que están configurados con funcións, titulacións, dedicacións e responsabilidades iguais ós que eles ocupan.

Considerando que a través das respectivas Mesas de Negociación do persoal funcionario e laboral se analizan anualmente as funcións e se avalían os distintos postos de traballo, chegando ós acordos correspondentes de reclasificar determinados postos de traballo, modificando nuns deles os niveis do complemento de destino para axustalos ás funcións que desenvolven, e noutros o complemento específico en atención á responsabilidade, penosidade ou especial dificultade técnica, de conformidade co disposto no R.D. 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Admón. Local (art. 4.1). Consecuencia destas reclasificacións dos postos de traballo, resulta que, polo que se refire ós postos de SUBINSPECTOR/A DE TRIBUTOS LOCAIS, nas datas de toma de posesión como funcionarias de carreira das reclamantes D^a CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ e D^a ISABEL M^a SOUTO ZAS, 01/06/1996, non só os ditos postos non estaban xa na R.P.T. configurados como de especial dedicación, senón que os postos ós que din que estaban equiparados, Xefaturas de Sección, nin sequera tiñan todos eles iguais retribucións, xa que variaban os complementos específicos, segundo as súas funcións e adscricións, tal como se aprecia nas distintas R.P.T. do dito ano e dos posteriores. Así

mesmo, o posto de ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, tal como tamén se aprecia nas R.P.T. anualmente aprobadas e publicadas nos últimos anos, non están equiparados de ningún xeito nelas. E polo que se refire ós postos de AXENTE TRIBUTARIO/A (Grupo C1, Admón Especial), tampouco existe equiparación cos de Xefe de Negociado (Grupos A2/C1, Admón. Xeral/Especial), o que tamén se comproba nas R.P.T. correspondentes.

Considerando que a Corporación pode, previa negociación, aplicarlle ás retribucións complementarias o incremento que para cada ano fixe a correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado e pode tamén, de conformidade co que invariablemente ven anualmente dispoñendo a dita Lei “adecua-las retribucións complementarias cando sexa necesario para asegurar que as asignadas a cada posto de traballo garden a relación procedente co contido de especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigoridade ou penosidade del”. No caso presente, e previa esa negociación nos órganos legalmente previstos (Mesas Xerais de Negociación), a Corporación acordou a modificación das funcións e das retribucións de varios postos de traballo, en base, precisamente, ó contido e as funcións que teñen encomendadas, o que supón de feito e de dereito a súa diferenciación cos doutros postos, que incluso xa non eran antes similares, senón que, tal como recoñecen os propios reclamantes, estaban xa dende hai varios anos diferenciados polos seus contidos e funcións.

Considerando que a xurisprudencia é unánime e constante (por todas, STSXG nº 806/1996, do 29/11/1996, que cita a do TS do 13/02/1996 en recurso extraordinario de revisión), en canto a que a equiparación de postos de traballo é inatendible aínda que se trate do mesmo grupo de titulación, se os postos son en efecto diferentes en función de circunstancias e titulacións diferentes, así como nas funcións, dedicación, responsabilidade, que motivan, precisamente, a diferenciación das retribucións complementarias, complemento de destino e específico de cada posto.

Considerando que as alegacións formuladas fóra do prazo legalmente establecido, han de desestimarse por ese motivo.

Vistos os preceptos legais e a xurisprudencia citados, e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMA-las alegacións contra a modificación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo de 2007, aprobada inicialmente polo acordo plenario do 28/09/2007, formuladas por D^a CARMEN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ e D^a ISABEL M^a SOUTO ZAS; D^a M^a DOLORES PITA DA VEIGA VÁZQUEZ, e D^a RAQUEL MONTES GRELA e D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ SEOANE, as destes últimos por ter sido presentadas fóra de prazo.”

26.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DE 2008.

INTERVENCIONES

Sr. Nogueira Fernández

Entregóuselles a todos os voceiros dos grupos provinciais dúas emendas que son correccións de erros materiais na transcripción da Relación de Postos de Traballo que se entregou na Comisión de Persoal e, polo tanto, figura como ditame da Comisión de Persoal. Un refírese ao grupo da Secretaria de Vicepresidencia, que figura como R/D e é C/D, e outro á Secretaria de Prensa, que figura como C2 e debe de figurar como grupo C1. Simplemente esas dúas correccións.

Sr. Gacio Vázquez

Grazas, Sr. Presidente, Sras.e Sres. deputados, a partir do grupo provincial do Partido Popular preguntámonos se este é o resultado da política de persoal que se está levando a partir do equipo de goberno, froito de catro anos de reunións cos distintos servizos da Deputación. Consideramos que o único que se está facendo é única e exclusivamente parchear os distintos Servizos desta casa. Empezamos parcheando o Servizo de Infraestruturas e Conservación, hoxe as secretarías de deputados e presidentes de Comisións, e esperar a que outro Servizo pinche para seguir parcheando.

Desde este grupo cremos necesario que deberían potenciarse Servizos que son de gran axuda e valía para os concellos, como os Servizos de Asistencia a Municipios, Servizo de Recadación, Servizo de Xestión Tributaria e Inspección, e outros, xa que debemos de dar máis e mellores Servizos aos concellos da provincia, xa que estes carecen de recursos.

E para rematar facendo mención ao informe emitido polo Servizo de Intervención, Fiscalización, co que non podemos estar máis que de acordo, nel dinos que se fai necesario definir unha metodoloxía e un marco de valoración dos postos de traballo que permita utilizar os factores definidos no Plan de Emprego, e aos que resulte preciso incorporar para asegurar unha coherencia das valoracións e utilización duns criterios de valoracións comúns e, polo tanto, e valorando positivamente o esforzo e o difícil traballo do Deputado de Persoal, Sr. Nogueira, a postura do Grupo Popular vai ser de abstención.

Apróbase a emenda e procédese a votar a aprobación do acordo:

VOTACIÓN

Votan a favor: 18 deputados (12 do PSOE e 6 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 13 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Apróbase:

As modificacións na RPT, especificándoas por Servizos que figuran a continuación:

FISCALIZACIÓN :

Transformación de 4 prazas de auxiliar de administración xeral en 4 prazas de administrativos de administración xeral

Amortizar 5 auxiliares

total administrativos: 13

total auxiliares: 2

ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN

Transformación de 1 praza de auxiliar en administrativo

Amortizar 1 auxiliar

total administrativos: 4

total auxiliares: 6

Proponse un incremento do complemento específico - segundo anexo adxunto- de 1.473, euros ao ano.

ORZAMENTOS E ESTUDOS ECONÓMICOS

Amortización dunha praza de administrativo de administración xeral.

total administrativos: 1

PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RRHH

Transformación 2 prazas de auxiliares en 2 administrativos

Amortización de 3 prazas de auxiliar

Total administrativos: 8

Total auxiliares : 3

Incrementar a contía do complemento específico dun dos administrativos en 6.545,49 *euros, por tramitación de anticipos de tesourería.

* esta contía así como todas as demais que aparecen nesta proposta, son as que marca o Orzamento 2007; para o vindeiro exercicio económico, reaxustaranse segundo as previsións da Lei de PXE para 2008.

PLANS DE OBRAS E SERVIZOS

Amortización de 1 praza de auxiliar
Total auxiliares: 1

INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Transformar 3 prazas de auxiliares en administrativos

total administrativos: 4
total auxiliares: 0

FOGAR INFANTIL DE FERROL

Crear 1 praza de Auxiliar Educador funcionario.

Total auxiliares educadores: 11
total celadores laborais: 3

Adscribir 1 praza e posto de veladora laboral ao HIER, debido á cantidade de contratos temporais que se realizan para ese Centro, sen prexuízo da elaboración dun estudo en profundidade das necesidades de persoal no HIER e, se é o caso nova modificación da RPT.

FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

Transformar 1 praza de auxiliar administrativo en administrativo con complemento específico de 6.545,49 euros por tramitación de anticipos de tesourería

total administrativos: 1
total auxiliares: 0

Transformar 5 prazas de celadoras laborais e 5 prazas de celadoras funcionarias en 10 de auxiliares educadoras.

total auxiliares educadoras: 25
total celadoras funcionarias : 10
total celadoras laborais: 5

adscribir 1 praza de veladora laboral do FI de Ferrol e transformala en auxiliar educadora nocturna
total auxiliares educadoras nocturnas: 4

FOMENTO E SERVIZOS PROVINCIAIS

Transformar 1 praza de auxiliar en 1 de técnico de xestión de admón. xeral
Amortizar 2 prazas de auxiliares

Total técnicos xestión A.X. : 2
total administrativos:8
total auxiliares:7

TESOURERÍA

Adscribir a partir dos Servizos de Recadación e Xestión Tributaria, 2 e 3 prazas, respectivamente de administrativos

Manter en 3 postos de auxiliar o complemento específico por quebranto de moeda, que é 6.046,34 euros.

Adscribir 2 prazas de auxiliares a Xestión Tributaria
Amortizar 2 auxiliares administrativos e un auxiliar de caixa

total administrativos: 8
total auxiliares: 7

Traspasar unha praza de auxiliar administrativo do Servizo de Xestión Tributaria á Sección de asistencia ao contribuínte

Traspasar unha praza de técnico de xestión tributaria do Servizo de Xestión Tributaria á Sección de Asistencia ao Contribuínte .

RECADACIÓN

Amortizar unha praza de técnico de xestión de A.X.

Transformar 6 prazas de auxiliares en administrativos un deles con específico de 6.545,49 euros por tramitación de anticipos de tesourería

Adscribir a Tesourería 3 prazas de administrativos

total administrativos: 9
total auxiliares:3

XESTIÓN TRIBUTARIA

Transformar 11 prazas de auxiliares en administrativos

Adscribir a Tesourería 2 prazas de administrativos

Adscribir desde Tesourería, 2 prazas de auxiliares

Total administrativos: 18

total auxiliares: 5
auxiliar reparto boletín: 1

Amortizar 2 postos e prazas de técnico de Xestión Tributaria.
total técnicos de xestión tributaria: 8
Traspasar unha praza de auxiliar administrativo e outra de técnico de xestión tributaria a Tesourería

CONTABILIDADE

Transformación de 4 prazas de auxiliares en administrativos

total administrativos: 5
total auxiliares: 2

BIBLIOTECA

Transformar 3 prazas de auxiliares en administrativos

total administrativos: 3
total auxiliares: 5

IES RAFAEL PUGA RAMÓN

Persoal administrativo:

Transformar 2 prazas de auxiliares en administrativos ambos postos con específico de 6.545,49 por tramitación de anticipos de tesourería

Total administrativos: 2
total auxiliares: 0

INFRAESTRUTURAS E CONSERVACIÓN

Transformar 1 praza de auxiliar en administrativo

total administrativos: 1
total auxiliares: 3

PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Transformación de 4 prazas de auxiliares en administrativos
transformación de 1 praza de auxiliar en 1 técnico de xestión de AX

Amortizar 3 prazas de auxiliares

total administrativos: 9 (1 cun específico de 6.545,49 euros por tramitación de anticipos de tesourería)

total auxiliares: 3

Minorar nun posto de auxiliar o específico por tramitación de anticipos de tesourería

ESTRUTURA E ÓRGANOS DE GOBERNO

Creación de 9 postos de traballo de secretarías particulares de deputados, presidentes de Comisións Informativas e asimilados, a cubrir por persoal funcionario, Grupos D/C, nivel de complemento de destino 18, en réxime de especial dedicación.

Contía do complemento específico: 11.942,33 euros (de conformidade co detalle do anexo)

SECRETARÍA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RRPP

Asignar o complemento de especial dedicación ao posto de xefatura de Negociado (secretaria de Presidencia) e modificar o complemento específico, cuxa contía definitiva se eleva a 16.646,22 euros

Reaxustar o complemento específico do posto de auxiliar de Presidencia, por un importe total de 16.646,22 euros

Secretario/a de Vicepresidencia: modificar o grupo de adscripción ao C/D indistintamente, nivel 18, réxime de especial dedicación e complemento específico de 11.942,33 euros.

Secretaria de Prensa: Equiparar as retribucións a unha xefatura de Negociado C,22 con especial dedicación, específico 16.646,22 euros

Xornalista: Incrementar o complemento específico, ata un total de 25.948,78 euros. (O detalle destes complementos figura no anexo adxunto)

ASESORÍA XURÍDICA

Crear un posto e praza de letrado asesor adxunto, N 26, Grupo A
total asesores adxuntos: 2

Asignar ao posto de administrativo, G C/D, nivel 19, o complemento de especial dedicación, cun específico de 11.942,33 euros (segundo anexo)

INTERVENCIÓN XERAL

O posto de secretaría que na RPT aparece con nivel 19, Grupo C/D, equiparalo en retribucións a unha xefatura de Negociado G B/ C, con nivel 22 e complemento específico de 8.868,67 euros. (segundo anexo)

SECRETARÍA XERAL

O posto de secretario/a de Oficialía Maior, equiparalo en retribucións á xefatura de Negociado, G B/C, nivel 22., específico 8.868,67 euros. (segundo anexo)

ASISTENCIA A MUNICIPIOS

Crear unha praza de arquitecto superior xa que fora suprimida por razóns coxunturais. Grupo A nivel: 22 específico: 7.974,13 euros

IES CALVO SOTELO

Creación dunha praza e posto de profesor de ensino técnico de F.P., G/B Departamento de Madeira.

Tanto no IES Calvo Sotelo, como no resto dos centros docentes que dependen desta Deputación (IES Puga Ramón e Conservatorio de Danza), reaxústanse as súas retribucións para dar cumprimento ao que dispón a lexislación autonómica, en concreto, ordes do 16 de xaneiro de 2007 e de 17 de xullo de 2007, da Consellería de Economía e Facenda e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, respectivamente. .

Definición de factores que se inclúen no complemento específico:

Especial dedicación: Segundo establece o Plan de emprego, a súa contía será do 30% das retribucións totais correspondentes ao posto de traballo; o devandito factor comporta necesariamente: a) imposibilidade de exercer calquera actividade pola que se perciba retribución, tanto no sector público como no privado, susceptible de ser declarada compatible ou incompatible segundo dispoña a lexislación vixente , b) realización dunha xornada laboral mínima de 40 horas semanais , c).a libre dispoñibilidade e d) a non percepción de cantidade ningunha en concepto de gratificacións por traballos extraordinarios e horas extras.

Nocturnidade: a contía será do 17% do total das retribucións de postos análogos de xornada diúrna, establecida polo Plan de emprego aprobado o 23/2/2006, e afectará a aqueles postos de traballo que estean suxeitos ou se esixa dispoñibilidade en horario nocturno (de 22 a 6 horas).

Quebranto de moeda: afecta a aqueles postos nos que existe unha especial responsabilidade en prestar o servizo de caixa e asumir as perdas que se poidan experimentar nos ingresos e pagamentos. O Plan de emprego fixouno inicialmente en 812,20 euros/ano, cos incrementos correspondentes para cada exercicio que marca a LPXE.

Apertura público sábados: por atención ao público, rexistro e información, os sábados e outros días hábiles que se abre o Rexistro pero que son festivos para o resto do persoal (Noiteboa, Fin de Ano, etc....) e pola limitación na aplicación da flexibilidade horaria.

Festividade: Afecta a aqueles postos de traballo suxeitos de maneira estable e permanente á realización de traballos en domingos e festivos.

Disponibilidade festivos: Afecta a aqueles postos de traballo que esixan unha disponibilidad en domingos e festivos e fíxase nunha contía anual de 1.576,94 euros

POSTO	COMPLEMENTO ESPECÍFICO : FACTORES.					
	BASE	ESPECIAL DEDICACIÓN (30%)	NOCTURNIDADE (17%)	DISPONIBILIDADE FESTIVOS	APERTURA PÚBLICO SÁBADOS	TOTAL COMPLEMENTO ESPECÍFICO
SECRETARÍA PARTICULAR DEPUTADOS, PRESIDENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS E ASIMILADOS (C1/C2 - 18 - ED)	5.565,18 €	6.377,15 €				11.942,33 €
XEFE NEGOCIADO SECRETARÍA PARTICULAR PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS (A2/C1 - 22 - ED)	8.868,67 €	7.777,55 €				16.646,22 €
AUXILIAR ADMÓN. XRAL. PRESIDENCIA (C2 - 18 - ED)	5.201,32 €	5.460,68 €	4.407,28 €	1.576,94 €		16.646,22 €
SECRETARÍA VICEPRESIDENCIA (C1/C2 - 18 - ED)	5.565,18 €	6.377,15 €				11.942,33 €
SECRETARÍA PRENSA (C1 - 22 - ED)	8.868,67 €	7.777,55 €				16.646,22 €
XORNALISTA (A1 - 24 - ED)	13.252,52 €	11.119,32 €		1.576,94 €		25.948,78 €
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XRAL. ASESORÍA XURÍDICA (C1 - 19 - ED)	5.825,49 €	6.116,84 €				11.942,33 €

SECRETARÍA OFICIALÍA MAIOR (A2/C1- 22)	8.868,67 €					8.868,67 €
SECRETARÍA INTERVENCIÓN XERAL (A2/C1- 22)	8.868,67 €					8.868,67 €
XEFE SECCIÓN (ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN)	13.252,52 €				1.473,00 €	14.725,52 €
XEFE NEGOCIADO (ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN)	8.868,67 €				1.473,00 €	10.341,67 €
ADMINISTRATIVO ADMÓN. XRAL. (ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN)	5.825,49 €				1.473,00 €	7.298,49 €
AUXILIAR ADMÓN. XRAL. (ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN)	5.201,32 €				1.473,00 €	6.674,32 €
XEFE DE GRUPO (C1 - 21)	7.152,54 €					7152,54

Por todo o exposto, propónse a aprobación do Cadro de Persoal e da Relación de Postos de Traballo 2008, que figuran de seguido:

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
CADRO DE PERSOAL 2008

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN-GRUPO-PAZAS

FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL

Secretario Xeral: A1-1
 Interventor Xeral: A1-1
 Tesoureiro: A1-1
 Oficial Maior: A1-1
 Viceinterventor: A1-1
 Interventor Adxunto: A1-1
 Vicetesoureiro: A1-1
 Xefe Servizo Asistencia Económica: A1-1

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL

SUBESCALAS

Técnica: A1-21
 Xestión: A2-22

Administrativa: C1-140
Auxiliar: C2-64
Subalterna: E (Lei 30/1984)-23

ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

SUBESCALA TÉCNICA

CLASE TÉCNICOS SUPERIORES

Letrado Asesor Xurídico: A1-1
Letrado Adxunto: A1-2
Arquitecto: A1-2
Enxeñeiro Industrial: A1-1
Enxeñeiro Vías e Obras: A1-4
Arquiveiro Bibliotecario: A1-1
Técnico de Organización: A1-4
Xefe Servizo de Informática: A1-1
Técnico Superior Informática: A1-4
Técnico Superior Unión Europea: A1-2
Analista: A1-8
Técnico Normalización Lingüística: A1-2
Técnico Políticas de Igualdade: A1-1
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A1-1
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A1-1
Inspector de Tributos Locais: A1-1
Profesor Secundaria R. Puga Ramón: A1-36
Profesor Secundaria Calvo Sotelo: A1-8
Xefe Serv. Asist. Técnica: A1-1
Xornalista: A1-1
Administrador do contorno informático: A1-1
Técnico de Xestión cultural: A1-1
Recadador de tributos locais: A1-2
Técnico prevención Riscos Laborais: A1-1
Médico Especialista Medicina Traballo/Diplomado Medicina Empresa: A1-1
Técnico Biblioteca e arquivo: A1-1
Técnico xestión proxectos: A1-2
Psicólogo: A1-1
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A1-1
Técnico Servizos Sociais: A1-1

CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO

Profesor Música-Pianista: A2-5
Profesora de Danza: A2-6
Arquitectos Técnicos: A2-6
Enxeñeiros Técnicos Vías e Obras: A2-5
Enxeñeiro Técnico Enxe. e mantemento: A2-1
Enxeñeiro Técnico Agrícola: A2-1
Enxeñeiro Técnico Industrial: A2-1
Analista programador: A2-2
Encargado imprenta: A2-1
Técnicos servizos sociais: A2-3
Profesor fogar Instituto R. Puga Ramón: A2-1

Axudante arquivo e biblioteca: A2-11
Enxeñeiros técnicos en topografía: A2-2
Técnicos de xestión económico-financeira: A2-20
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: A2-1
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: A2-1
Monitor: A2-1
Analistas técnicos: A2-3
Subinspector de Tributos Locais: A2-2
Técnicos de xestión tributaria: A2-25
Profesores técnicos FP : A2-16
Profesor de apoio IES Puga Ramón: A2-1
A.T.S./D.U.E. de Empresa: A2-1
Asesor Sistemas xestión municipal: A2-5
Técnico de xestión administración especial: A2-3
Educador Fogar infantil Ferrol: A2-2

CLASE TÉCNICOS AUXILIARES

Delineantes: C1-6
Programador de sistemas: C1-3
Técnico Explotación Nocturna: C1-1
Programador de aplicacións: C1-8
Operador de ordenador: C1-3
Preparador de traballos: C1-1
Encargado de protocolo: C1-1
Monitor Técnico: C1-2
Axentes Tributarios: C1-3
Especialista en Educación Infantil: C1-2
Educador H.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C1-5
Educador/ Titor : C1-6
Auxiliar Técnico Infraest. E Conservación: C1-17

SUBESCALA DE SERVICIOS ESPECIAIS

PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS

Condutores mecánicos: C2-5
Auxiliares gravadores: C2-2
Auxiliar educadora: C2-40
Auxiliar repartidora B.O.: C2-1
Subgobernanta: C2-1
Telefonista: E (Lei 30/1984)-4
Celadoras: E (Lei 30/1984)-10
Celadora/Subalerno: E (Lei 30/1984)-2
Costureiras: E (Lei 30/1984)-2
Condutores mecánicos: E (Lei 30/1984)-9

PERSOAL DE OFICIOS

